# Informe de revisión do sistema pola dirección
# Curso 2017/2018

-

# Informe de resultados anuais das titulacións do centro

(protocolo para o elaborar)

Data da reunión: 02/04/2019

Data de aprobación na xunta de centro: 02/04/2019

## Índice de contidos

I. ASPECTOS INTRODUTORIOS
II. DATOS E INDICADORES
III. ANÁLISE DE RESULTADOS DAS TITULACIÓNS DO CENTRO – SEGUIMENTO DAS TITULACIÓNS
IV. MODIFICACIÓNS NON SUSTANCIAS DAS TITULACIÓNS
V. ESTADO DE SITUACIÓN DAS MELLORA PROPOSTAS NO(S) INFORME(S) ANTERIOR(ES)
VI. LISTAXE DE ACCIÓNS DE MELLORA PROPOSTAS
VII. CONCLUSIÓNS E ACORDOS
VIII. ANEXOS

# I. ASPECTOS INTRODUTORIOS

## I.2. Presentación/Obxecto da reunión

Tal e como indica o procedementos "DE-03 Revisión do sistema pola Dirección" e co obxectivo dunha mellora continua e a verificación da adecuación e eficacia do sistema de garantía interna de calidade dos centros e titulacións, e do sistema de xestión da calidade no ámbito da xestión, convocase esta reunión cos responsables do proceso. Nesta reunión realizase a análise dos indicadores asociados a este proceso, identificados e definidos no procedemento "DE-02 P1 «Seguimento e medición»". Realízanse ademais propostas de mellora en base á identificación de problemas derivados dos propios indicadores.

Tal e como indica o propio procedemento, na seguinte reunión deberán participar os implicados no proceso: Decana e resto dos membros do equipo decanal, coordinador de calidade, membro da comisión de calidade, representantes das titulacións do centro (coordinador de Grao en Belas Artes, Coordinador do Mestrado en Libro Ilustrado e Animación Audiovisual, Coordinadora do Mestrado en Arte Contemporánea; Creación e Investigación).

## I.3. Informe inicial

- Descrición de cambios organizativos que poden afectar o funcionamento do centro/titulacións/servizos no que atinxe á calidade.

Durante o curso 2017/2018 non se produciron cambios organizativos na Comisión do SGIC, manténdose coa mesma composición do curso pasado.

- Descrición de cambios na oferta formativa/ou de servizos

Na titulación Mestrado en Libro Ilustrado e Animación Audiovisual implantouse unha modificación substancial do plan de estudos no curso 2017/2018. Ditos cambios implicaron a adaptación de plataformas tecnolóxicas e determinados aspectos a desenvolver por parte dos docentes ao permitir a docencia presencial e non presencial. No documento Anexo II do Informe de Revisión do Sistema pola dirección do curso 2015/2016 poden consultarse en detalle os cambios realizados no plan de estudios. No primeiro curso de implantación varios alumnos acolléronse ao sistema non presencial, o que implicou unha adaptación das metodoloxías docentes por parte do profesorado para adaptarse a tal circunstancia. A docencia desenvolveuse sen incidencias salientables.

Durante o curso 2017/2018 implantouse o primeiro curso da titulación «Mestrado en Deseño e Dirección Creativa en Moda», de dous cursos de duración. Unha vez analizados os indicadores dispoñibles, como os informes de PAT e os informes de Coordinación do curso, a docencia do mestrado realizouse sen problemas salientables, quedando á espera dun análise máis detallado unha vez coñecidos o resto de indicadores da titulación cunha perspectiva máis ampla.
No resto de titulacións do centro non se produciron cambios na oferta formativa ou de servizos.

- Descrición de modificacións ou cambios na documentación do sistema de calidade

- PE-01 P1 Xestión do PAS (Índice 04),
- PE-02 P1 Xestión do Persoal Docente e Investigador,
- Anexo 1: PE 02 P1 Ficha de Formación,
- DO-0201 Planificación e desenvolvemento da ensinanza,
- Anexo DO 0201 Guía para o Informe de Coordinación.

Ditos procedementos foron aprobado en Xunta do SGIC e Xunta de Facultade o 29/11/2017.

# II. DATOS E INDICADORES

## II.1 Resultados acadados

Os datos que se presentan a seguir recollen os resultados do centro e de todas as súas titulacións oficiais de grao e de mestrado adscritas.

### II.1.1 Rexistro de resultados do panel de Indicadores do SGIC (*Intégranse os coincidentes cos programas de acreditación e seguimento):

**Os indicadores deben ser consultado a través do portal de transparencia da Universidade de Vigo.*

| **Centro** | | | **Facultade/Escola** | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Panel de Indicadores** | | | Existe Meta de calidade asociada (obxectivo de calidade)? | Resultado Curso 17/18 | Resultado Curso 16/17 | Resultado Curso 15/16 |
| **Codg SGC** | Codg ACSUG | Descrición | | | | |
| **I01-MC** | E14 | Certificación da implantación dos sistemas de calidade | Grao en BBAA: | | | |
| | | | Mestrado en ACCI: | | | |
| | | | Mestrado en LIAA: | | | |
| | | | Mestrado en DDC Moda: | | | |
| **I05-MC** | I4 | Grao satisfacción PAS | Si: | ND | Non procede este ano por terse realizado o ano anterior | 3,60 |
| **I01-DO** | E2 | Seguimento das titulacións | Grao en BBAA: | | Non se recibiron os informes | Grao en BBAA: CONFORME (B) |
| | | | Mestrado e ACCI: | | Non se recibiron os informes | Mestrado en ACCI: CONFORME (B) |
| | | | Mestrado en LIAA: | | Non se recibiron os informes | Mestrado en LIAA: CONFORME (C) |
| | | | Mestrado en DDC Moda: | | Non se realizou por tratarse dunha titulación de | |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | recente implantación | |
| **I02-DO** | E2 | Acreditación das titulacións | Si: Acadar a acreditación nos periodos nos que corresponda | Acreditación das titulacións Mestrado en Arte Contemporánea. Creación e Investigación e Mestrado en Libro Ilustrado e Animación Audiovisual | Non procede este ano. | |

| **Titulación** | | | **Grado Mestrado en:** | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Panel de indicadores** | | | ¿Existe Meta de calidade asociada aos obxectivo de calidade do centro? Indicar valor establecido | Resultado Curso 17/18 | Resultado Curso 16/17 | Resultado Curso 15/16 |
| **Codg SGC** | Codg ACSUG | Descrición | | | | |
| **I02-MC** | I4 | Grao satisfacción estudantado | Grao en BBAA >2,5 | 2.78 | 2.6 | 3 |
| | | | Mestrado en ACCI >2,5 | 3.26 | 2.87 | 2.51 |
| | | | Mestrado en LIAA >3,2 | 3.17 | 3.2 | ND |
| | | | Mestrado en DDC Moda: | 4.02 | - | - |
| **I03-MC** | I4 | Grao satisfacción profesorado | Grao en BBAA >3,2 | ND - Enquisa bianual | 3.34 | ND - Enquisa bianual |
| | | | Mestrado ACCI: >3,2 | ND - Enquisa bianual | 3.59 | ND - Enquisa bianual |
| | | | Mestrado LIAA: >3,2 | ND - Enquisa bianual | 4.27 | ND - Enquisa bianual |
| | | | Mestrado en DDC Moda: | ND - Enquisa bianual | - | - |
| **I04-MC** | I4 | Grao satisfacción persoas tituladas | Grao en BBAA: -- | 2.94 | 2.66 | 2.56 |
| | | | Mestrado en ACCI: -- | 3.16 | 2.89 | 3.13 |
| | | | Mestrado en LIAA: -- | ND | 2.07 | 3.47 |
| | | | Mestrado en DDC Moda: -- | ND | - | - |
| **I06-MC** | I4 | Grao satisfacción empregadores | Grao en BBAA: | ND | 5.00 | ND |
| | | | Mestrado en ACCI: | ND | 1.67 | ND |
| | | | Mestrado en LIAA: | ND | - | - |
| | | | Mestrado DDCM | ND | - | - |
| **I01-AC** | | Nota media de acceso | Grao en Belas Artes > 7 | 7,48 ***Datos desglosados no Anexo I** | 7.16 | 6.64 |
| | | | Mestrado ACCI: >6,50 | 7,612 | 6.9 | 6.74 |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | ***Datos desglosados no Anexo I** | | |
| | | | Mestrado LIAA: >6,50 | 6,912 ***Datos desglosados no Anexo I** | 6.6 | 7.72 |
| | | | Mestrado en DDC Moda: | 7,269 ***Datos desglosados no Anexo I** | -- | -- |
| **I01(2)-AC** | | Nota mínima de acceso | Grao en BBAA: -- | 5.92 | 5.89 | 5.08 |
| | | | Mestrado en ACCI -- | 5.30 | ND | 6 |
| | | | Mestrado en LIAA: -- | ND | 6.55 | 5 |
| | | | Mestrado en DDC Moda:-- | ND | - | - |
| **I02-AC** | | Ocupación | Grao BBAA: >100% | 100 % | 101.54 % | 102.31% |
| | | | Mestrado ACCI:>100% | 71.43 % | 82.14 % | 96.15 % |
| | | | Mestrado en LIAA: >100% | 57.14 % | 45.71 % | 58.82 % |
| | | | Mestrado en DDC Moda: >100% | 92.31% | - | - |
| **I03-AC** | | Preferencia | Grao BBAA: >120% | 150.7% | 135.38% | 138.46 % |
| | | | Mestrado ACCI: | ND | 103.57% | 103,85 % |
| | | | Mestrado en LIAA: | ND | 48.57% | 76,47 % |
| | | | Mestrado en DDC Moda: | ND | - | - |
| **I03(2)-AC** | | Adecuación | Grao BBAA: >90% | 93.85% | 90.15% | 97.74% |
| | | | Mestrado ACCI:-- | ND | 104.35 | 92.0% |
| | | | Mestrado en LIAA:-- | ND | 93.74 | 90.0% |
| | | | Mestrado en DDC Moda:-- | ND | - | - |
| **I04-AC** | I1 | Matrícula de novo ingreso por preinscripción (Evolución do estudantado matriculado en cada curso a académico) | Grao BBAA: 130 | 130 | 132 | 133 |
| | | | Mestrado ACCI: 20 | 20 | 23 | 25 |
| | | | Mestrado en LIAA: 20 | 20 | 16 | 20 |
| | | | Mestrado en DDC Moda:20 | 24 | - | - |
| **I03-DO** | I8 | Participación do alumnado nas enquisas de avaliación do profesorado (Enquisas de avaliación docente) | Grao BBAA: | 52.60% | 54.78% | Enquisa Bianual |
| | | | Mestrado ACCI: | 45.91% | 50.44% | Enquisa Bianual |
| | | | Mestrado en LIAA: | 38.11% | 41.5% | Enquisa Bianual |
| | | | Mestrado en DDC Moda: | 13.43% | - | - |
| **I04-DO** | I8 | Grao de satisfacción do estudantado coa | Grao en Belas Artes >2,5 | 3.74 | 2.76 | 3 |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | actividade docente do profesorado (Enquisas de avaliación docente) | Mestrado en ACCI >2,5 | 3.86 | 2.87 | 2.51 |
| | | | Mestrado en LIAA >3,2 | 4.31 | 3.2 | - |
| | | | Mestrado en DDC Moda> | 4.64 | - | - |
| **I05-DO** | | Grao de satisfacción do estudantado coa planificación e desenvolvemento do ensino | Grao en Belas Artes >2,5 | 2.63 | 2,79 | 3,01 |
| | | | Mestrado en ACCI >2,5 | 3.13 | 2,70 | 1,93 |
| | | | Mestrado en LIAA >3,2 | 3.33 | 4,25 | ND |
| | | | Mestrado en DDC Moda: | 3.88 | - | - |
| **I06-DO** | | Grao de satisfacción do profesorado coa planificación e desenvolvemento do ensino | Grao en Belas Artes >3,2 sobre 5 | ND | 3.16 | Enquisa Bianual |
| | | | Mestrado en ACCI: >3,2 sobre 5 | ND | 3.51 | Enquisa Bianual |
| | | | Mestrado en LIAA: >3,2 sobre 5 | ND | 4.35 | Enquisa Bianual |
| | | | Mestrado en DDC Moda: | ND | - | - |
| **I07-DO** | | Grao de satisfacción das persoas tituladas coa planificación e desenvolvemento do ensino | Grao en Belas Artes (De 1 a 5) | 2.42 | 2,21 | 2,05 |
| | | | Mestrado en ACCI (De 1 a 5) | 2.79 | 2,17 | 2,82 |
| | | | Mestrado en LIAA (De 1 a 5) | ND | 2,36 | 3,22 |
| | | | Mestrado en DDC Moda: | ND | - | - |
| **I08-DO** | | Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas | | ND | ND | - |
| **I09-DO** | I3 | Estudantes que participan en programas de mobilidade internacionais<br><br>En MARZO | Grao BBAA: | Solo datos hasta 16/17 | 53 | 55 |
| | | | Mestrado ACCI: | Solo datos hasta 16/17 | 0 | 1 |
| | | | Mestrado en LIAA: | Solo datos hasta 16/17 | 0 | 1 |
| | | | Mestrado en DDC Moda: | Solo datos hasta 16/17 | | |
| **I09(2)-DO** | | Estudantes estranxeiros<br><br>En MARZO | Grao BBAA: | Solo datos hasta 16/17 | 1,74% - 3 de 522 | Todas as titulacións: 23 |
| | | | Mestrado ACCI: | Solo datos hasta 16/17 | 3,3% - 1 de 30 | Todas as titulacións: 23 |
| | | | Mestrado en LIAA: | Solo datos hasta 16/17 | 25% - 4 de 16 | Todas as titulacións: 23 |
| | | | Mestrado en DDC Moda: | Solo datos hasta 16/17 | - | - |
| **I010-DO** | | | Grao BBAA: | 4.82 | 4.51 | 4.58 |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | Duración media dos estudos | Mestrado ACCI: | 1.39 | 1.33 | 1.24 |
| | | | Mestrado en LIAA: | 2.18 | 2.13 | 2.06 |
| | | | Mestrado en DDC Moda: | - | - | - |
| **I011-DO** | | Taxa de rendemento | Grao BBAA: >80% | 86% | 82% | 81% |
| | | | Mestrado ACCI: >90% | 86% | 94% | 97% |
| | | | Mestrado en LIAA: >90% | 92% | 92% | 92% |
| | | | Mestrado en DDC Moda: | 86% | - | - |
| **I012-DO** | | Taxa de abandono | Grao BBAA: <15% | 15.67% | 11.72% | 14.71% |
| | | | Mestrado ACCI: <10% | ND | 0% | 0% |
| | | | Mestrado en LIAA: <15% | ND | 12.5% | 0% |
| | | | Mestrado en DDC Moda: | ND | -- | - |
| **I013-DO** | | Taxa de eficiencia | Grao BBAA: >90% | 90% | 93% | 90% |
| | | | Mestrado ACCI: >90% | 97% | 97% | 96% |
| | | | Mestrado en LIAA: >90% | 96% | 97% | 96% |
| | | | Mestrado en DDC Moda: | ND | - | - |
| **I014-DO** | | Taxa de graduación | Grao BBAA: >60% | 52.94% | 51.54% | 58.02% |
| | | | Mestrado ACCI: >75% | 96% | 93.33% | 93.33% |
| | | | Mestrado en LIAA: >75% | 85% | 87.5% | 94.12% |
| | | | Mestrado en DDC Moda: | ND | - | - |
| **I015-DO** | | Taxa de éxito | Grao BBAA: >90% | 96% | 95% | 96% |
| | | | Mestrado ACCI: >90% | 100% | 100% | 100% |
| | | | Mestrado en LIAA:>90% | 100% | 100% | 100% |
| | | | Mestrado en DDC Moda: | 99% | - | - |
| **I016-DO** | | Tempo medio para atopar emprego | Si: | 10,17 meses *1990-2015 https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/grupo/show/5/69 | Non Dispoñible | Grado en BBAA: 8,14 meses |
| **I017-PE** | I7 | Porcentaxe de PAS en formación | | Todas as titulacións: 70,28% | Todas as titulacións: 43,70% | Todas as titulacións: 51,65% |
| **I017(2)-PE** | I6 | Profesorado en programas de formación | Grao BBAA: | 8 | 6 | 4 |
| | | | Mestrado ACCI: | 7 | 2 | 1 |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | Mestrado en LIAA: | - | 3 | 5 |
| | | | Mestrado en DDC Moda: | 1 | - | - |
| **I02-PE** | | Cualificación do PDI | Grao BBAA: | Graduado en Bellas Artes. Categoria de profesor e % de doutores:<br><br>CU: 4 de 4 = 100%<br>TU: 25 de 25 = 100%<br>CD: 11 de 11 = 100%<br><br>TEU: 1 de 1 = 100,00%<br>Asoc. T3: 3 de 6 = 50%<br>Prof. Contratado/a interino/a: 0 de 5 = 0%<br>Contratado/a predoutoral Uvigo: 0 de 3 = 0,00%<br>Contratado/a predoutoral Xunta: 0 de 1 = 0,00%<br>Prof. Invitado: 0 de 9 = 0,0% | Graduado en Bellas Artes. Categoria de profesor e % de doutores:<br><br>CU: 4 de 4 = 100%<br>TU: 24 de 24 = 100%<br>CD: 11 de 11 = 100%<br><br>TEU: 1 de 2 = 50,00%<br>Asoc T3: 0 de 1 = 0%<br>Prof Ax: 1 de 1 = 100%<br>Prof. Contratado/a interino/a: 2 de 7 = 28,5%<br>Contratado/a FPI: 0 de 1 = 0,00%<br>Contratado/a predoutoral Uvigo: 0 de 4 = 0,00%<br>Contratado/a predoutoral Xunta: 0 de 2 = 0,00% | |
| | | | Mestrado ACCI: | Prof. Invitado: 0 de 14 = 0,0%<br>CU: 2 de 2 = 100%<br>PT: 13 de 13 = 100%<br>CD: 4 de 4 = 100%<br>Postdoutoral Xunta de G. modalidade B 1 de 1=100% | Prof. Invitado: 1 de 6 = 16,67%<br>CU: 1 de 1 = 100%<br>PT: 12 de 12 = 100%<br>CD: 6 de 6 = 100% | |
| | | | Mestrado en LIAA: | Prof. Invitado: 0 de 7 = 0,00% | Prof. Invitado: 0 de 7 = 0,00% | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | CU: 1 de 1 = 100%<br>Prof. Asoc. T3: 0 de 1: 0,00%<br>TU: 2 de 2: 100%<br>CD: 2 de 2: 100% | CU: 1 de 1 = 100%<br>Prof. Asoc. T3: 0 de 1: 0,00%<br>TU: 2 de 2: 100%<br>CD: 2 de 2: 100% | |
| | | Mestrado en DDC Moda: | Prof. Externo: 0 de 2 = 0,00%<br>CU: 1 de 1 = 100%<br>TU: 1 de 1: 100%<br>CD: 5 de 5: 100%<br>Profesor/a axudante doutor/a: 1 de 1 100% | - | - |
| **I03-PE** | Resultados de investigación de carácter académico ( Sexenios) | Grao BBAA: | 67 | 61 | 56 |
| | | Mestrado ACCI: | 35 | 33 | 24 |
| | | Mestrado en LIAA: | 1 | 0 | 0 |
| | | Mestrado en DDC Moda: | 6 | - | - |
| **I03(2)-PE** | Profesorado por categoría | Grao BBAA: | CU: 4<br>TU: 25<br>CD: 11<br>TEU: 1<br>AD: 1<br>PA-T3: 6<br>P. Contratado Interino: 5<br>P. Contratado FPI: 1<br>P. Contratado Predoutoral Uvigo: 3<br>P. Contratado Predoutoral Xunta: 1<br>Prof. Invitado: 9 | CU: 4<br>TU: 24<br>CD: 11<br>TEU: 2<br>AD: 1<br>PA-T3: 1<br>P. Contratado Interino: 7<br>P. Contratado FPI: 1<br>P. Contratado Predoutoral Uvigo: 4<br>P. Contratado Predoutoral Xunta: 2 | CU: 5<br>TU: 25<br>CD: 11<br>TEU: 2<br>AD: 2<br>PA-T3: 1<br>Contratado Predoutoral Uvigo: 3<br>Contratado Predoutoral Xunta: 2<br>Contratado FPU: 1 |
| | | Mestrado ACCI: | CU: 2<br>TU: 13<br>CD: 4<br>Postdoutoral Xunta de G. modalidade B: 1 | CU: 1<br>TU: 12<br>CD: 6<br>Profesorado externo: 6 | CU: 3<br>TU: 11<br>CD: 7<br>PA-T3: 1 |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | Profesorado externo: 14 | | |
| | | | Mestrado en LIAA: | CU: 1<br>TU: 2<br>CD: 2<br>Profesor Asociado T3: 1<br>Profesorado externo: 7 | CU: 1<br>TU: 2<br>CD: 2<br>Profesor Asociado T3: 1<br>Profesorado externo: 7 | CU: 1<br>TU: 1<br>TEU: 1<br>CD: 2<br>Profesorado externo: 8 |
| | | | Mestrado en DDC Moda: | Prof. Externo: 2<br>CU: 1<br>TU: 1<br>CD: 5<br>Profesor/a axudante doutor/a: 1 | - | - |
| **II.1.2 Rexistro de resultados dos indicadores específicos do seguimento establecido por ACSUG:** | | | | | | |
| **Indicadores de Seguimento** | | | | Resultado/s<br>Curso 17/18 | Resultado<br>Curso 16/17 | Resultado<br>Curso 15/16 |
| **E3** | I2 | Perfil de ingreso do alumnado (grao)-Alumnado por titulación de procedencia (mestrado). | | **Grao en Belas Artes:**<br>Ensino Secundario con PAAU: 109<br>Titulo de Licenciatura: 2<br>Acceso maiores de 25 anos: ND<br>FP: 8<br>Técnico Superior de Artes Aplicadas: 2<br>Acceso maiores 45 anos: 2<br>Alumnado con título de bacharel ou equivalente do sistema educativo español - sen probas: 2 | **Grao en Belas Artes:**<br>Ensino Secundario con PAAU: 106<br>Titulo de Licenciatura: 1<br>Acceso maiores de 25 anos: 5<br>FP: 12<br>Técnico Superior de Artes Aplicadas: 5<br>Acceso maiores 45 anos: 1 | **Grao en Belas Artes:**<br>Ensino Secundario con PAAU: 114<br>Acceso maiores de 25 anos: 1<br>FP: 5<br>Técnico Superior de Artes Aplicadas: 8<br>Acceso maiores 45 anos: 2 |
| | | | | Mestrado en ACCI:<br>Graduados superiores: 20 | Mestrado en ACCI:<br>Título de licenciado: 4 | Mestrado en ACCI:<br>Título de licenciado: 2 |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | Validación de estudos estranxeiros: 3<br>Graduados superiores: 16 | Validación de estudos estranxeiros: 2<br>Graduados superiores: 20<br>Enxeñería Técnica: 1 |
| | | | | Mestrado en LIAA:<br>Título de Licenciado: 1<br>Título de Diplomado/Mestres: 1<br>Título de Enxeñeiro Técnico: 1<br>Por equivalencia homologación ou validación parcial estudos estranxeiros: 4<br>Graduados Superiores: 13 | Mestrado en LIAA:<br>Título de Licenciado: 2<br>Graduados Superiores: 14 | Mestrado en LIAA:<br>Título de Licenciado: 4<br>Graduados Superiores: 13<br>Validación de estudos estranxeiro: 3 |
| | | | | Mestrado en DDC Moda:<br>Título de arquitecto: 1<br>Título superior de deseño: 3<br>Equivalencia homologación ou validación parcial estudos estranxeiros: 1<br>Graduados Superiores: 17 | | |
| **I9** | | % de profesorado do título avaliado polo programa DOCENTIA (quinquenal) | | | Centro Facultade de Belas Artes*: 0%<br><br>* Datos so dispoñibles por centro. | ND |
| **I10** | | | Nº | Grao en Belas Artes: 4 | Grao en Belas Artes: 2 | Grao en Belas Artes: 3 |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | Nº e % de profesorado que participa en programas de mobilidade | % ND | Mestrado en ACCI: 1 | Mestrado en ACCI: 1 | Mestrado en ACCI: 2 |
| | | | Mestrado en LIAA: ND | Mestrado en LIAA: ND | Mestrado en LIAA: ND |
| | | | Mestrado en DDC Moda: 1 | - | - |
| **I11** | Distribución do alumnado por centro de prácticas | Nome da empresa Entidade | Grao en Belas Artes: 15 | | |
| | | Alquimia Art Studio | 1 | | |
| | | Ana Seoane | 1 | | |
| | | Asociación Socioeducativa Cultural e Escola de Tempo Libre Paspallás | 1 | | |
| | | BERSHKA | 1 | | |
| | | DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA | 1 | | |
| | | Fundacón Museo de Artes do Gravado á Estampa Dixital | 1 | | |
| | | GRAFICAS ANDURIÑA | 1 | | |
| | | KOOLBRAND | 1 | | |
| | | MONTSEQUI GALERIA DE ARTE | 1 | | |
| | | MRBROC | 1 | | |
| | | MUSEO PROVINCIAL PONTEVEDRA | 1 | | |
| | | SERGAS | 1 | | |
| | | SONIA MIRÁS FERREIRO | 1 | | |
| | | TALLER ABIERTO | 1 | | |
| | | VISUAL PUBLINET S.L | 1 | | |
| | | Mestrado en ACCI: 9 | | | |
| | | MARCO, Vigo | 4 | | |
| | | SKETCH SYSTEM LAB_IN, Vigo | 2 | | |
| | | Galería TRINTA, Santiago | 1 | | |
| | | Fundación LAXEIRO, Vigo | 1 | | |
| | | Estudio Pacheco Natalia Fernández Umpiérrez | 1 | | |
| | | | Mestrado en LIAA: 15 | | |
| | | Duplo | 1 | | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | Salón del Libro de Pontevedra | 1 | | |
| | | Grupo de Teatro “Falabaratas” | 1 | | |
| | | Grupo de teatro Petanaporta | 2 | | |
| | | Editorial Galaxia | 2 | | |
| | | Garaxe Hermetico | 1 | | |
| | | Editorial OQO | 7 | | |
| | | | | | |
| | | | Mestrado en DDC en Moda: 7 | | |
| | | D-DUE | 1 | | |
| | | ADOLFO DOMINGUEZ,SL | 1 | | |
| | | MITWILL TEXTILES | 1 | | |
| | | ZARA | 1 | | |
| | | INTERSPOSA,SA | 1 | | |
| | | J.J. BOULLOSA | 1 | | |
| | | KUSILAS,SL | 1 | | |
| | | | | | |
| **I14** | Resultados de inserción laboral | | https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/informe/show/5/69/21 | ND * Os últimos datos sobre inserción laboral da Uvigo da titulación datan do ano 2010-2011, e do curso 2012-2013 no caso do SUG | |
| **I15** | Media de alumnos por grupo de docencia | Tamaño grupos A | Grao en Belas Artes: 56.8 | Grao en Belas Artes: 59,85 | |
| | | Tamaño grupos B | Grao en Belas Artes: 28.6 | Grao en Belas Artes: 27,70 | |
| | | Tamaño grupos C | Grao en Belas Artes: 23.8 | Grao en Belas Artes: 24,20 | |
| | | | | | |

## II.1.3 Resultados (desagregados) das enquisas de satisfacción das titulacións oficiais

| Titulacións de Grao | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | Resultados de Participación | Satisfación xeral curso 17/18 | Ítems/ epígrafes mellor valorados | ítems epígrafes peor valorador |
| PAS | ND – enquisa bianual | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |

| Titulacións Mestrado | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | Resultados de Participación | Satisfación xeral curso X | Ítems/ epígrafes mellor valorados | ítems epígrafes peor valorador |
| PAS | ND – enquisa bianual | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |
| | | | | |

| Enquisa PAS | Información Xeral | Comuni-cación | Recursos humanos | Recursos materiais e servizos | Xestión da calidade | Xeral |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Graos | | | | | | |
| Mestrados | | | | | | |

| Titulación | | Grao en Belas Artes | | |
|---|---|---|---|---|
| | Resultados de Participación | Satisfación xeral Curso 17-18 | Ítems/ epígrafes mellor valorados | ítems epígrafes peor valorador |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Alumnado | 31 % | 2.78 | 4. O calendario das probas de avaliación: 3.39 | 2. A coordinación entre as materias do plan de estudos: 2.24 |
| | | | 14. Os laboratorios, as aulas de informática, os obradoiros e espazos experimentais e o seu equipamento: 3.61 | 1. A estruturación ou organización temporal das materias do plan de estudos: 2.38 |
| | | | 15. Os espazos destinados ao traballo autónomo (salas de estudos, aulas de informática, biblioteca...) e o seu equipamento: 3.37 | 6. A orientación académica recibida no plan de acción titorial: 2.33 |
| Profesorado | ND – enquisa bianual | | | |
| Persoas tituladas | 22% | 2.94 | 13. As infraestruturas e os materiais dispoñibles: 4.06 | 5. A orientación profesional e laboral: 1.59 |
| | | | 14. Os servizos (secretaría de alumnado, biblioteca...): 4.06 | 4. A orientación académica para continuar os estudos: 2.12 |
| | | | 15. Os recursos tecnolóxicos (secretaría virtual, plataformas de teledocencia, redes wifi...) | 3. As metodoloxías de ensino-aprendizaxe empregadas: 2.41 |
| **Empregadores** | ND | | | |

| Enquisa | Organización e Desenvol-vemento | Información e transparen-cia | Sistema de garantía de calidade | Recursos humanos | Recursos materiais e servizos | Resultados de aprendizaxe |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Alumnado | 2.64 | 2.58 | 2.39 | 2.6 | 3.24 | 2.9 |
| Profesorado | ND | | | | | |
| Persoas tituladas | 2.35 | 3.21 | 2.56 | 3.26 | 3.69 | 2.74 |

| **Titulación** | **Mestrado en Arte Contemporánea. Creación e Investigación** | | | |
|---|---|---|---|---|
| | **Resultados de Participación** | **Satisfación xeral Curso 17-18** | **Ítems/ epígrafes mellor valorados** | **ítems epígrafes peor valorador** |
| **Alumnado** | 19% | 3.26 | 6. A orientación académica recibida no plan de acción titorial: 3.8 | 1. A estruturación ou organización temporal das |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | | materias do plan de estudos: 2.4 |
| | | | 10. A información sobre as actividades extracurriculares (actividades culturais, deportivas, sociais...): 3.8 | 2. A coordinación entre as materias do plan de estudos: 2.6 |
| | | | 12. A atención do persoal de administración e servizos do centro: 3.8 | 3. Os horarios da titulación: 2.6 |
| **Profesorado** | ND – Enquisa bianual | | | |
| **Persoas tituladas** | 27% | 3.16 | 12. A cualificación do persoal de administración e servizos: 4.0 | 5. A orientación profesional e laboral: 2.25 |
| | | | 13. As infraestruturas e os materiais dispoñibles: 4.0 | 10. A xestión da calidade na titulación: 2.25 |
| | | | 14. Os servizos (secretaría de alumnado, biblioteca...): 4.0 | 7. Os programas de mobilidade, de ser o caso: 2.5 |
| **Empregadores** | | | | |
| | | | | |

| Enquisa | Organización e Desenvol-vemento | Información e transparen-cia | Sistema de garantía de calidade | Recursos humanos | Recursos materiais e servizos | Resultados de aprendizaxe |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Alumnado** | 3.1 | 3.3 | 3.4 | 3.8 | 3.35 | 3.1 |
| **Profesorado** | ND | | | | | |
| **Persoas tituladas** | 2.81 | 2.63 | 2.25 | 3.63 | 3.88 | 3.38 |

| **Titulación** | **Mestrado en Libro Ilustrado e Animación Audiovisual** | | | |
|---|---|---|---|---|
| | **Resultados de Participación** | **Satisfación xeral curso 17-18** | **Ítems/ epígrafes mellor valorados** | **ítems epígrafes peor valorador** |
| **Alumnado** | 51% | 3.17 | 4. O calendario das probas de avaliación: 4.06 | 16. As plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia: 2.44 |
| | | | 3. Os horarios da titulación: 3.78 | 2. A coordinación entre as materias |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | | do plan de estudos: 2.65 |
| | | | 5. A cantidade de prácticas realizadas nas materias da titulación: 3.44 | 11. As canles de participación na mellora da titulación (caixa de queixas, suxestións e parabéns, delegación de alumnos, participación nas comisións, comunicación cos responsables da titulación...): 2.88 |
| **Profesorado** | ND – enquisa bianual | | | |
| **Persoas tituladas** | ND | | | |
| **Empregadores** | ND | | | |
| | | | | |

| Enquisa | Organización e Desenvol-vemento | Información e transparen-cia | Sistema de garantía de calidade | Recursos humanos | Recursos materiais e servizos | Resultados de aprendizaxe |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Alumnado** | 3.33 | 3.21 | 2.88 | 3.24 | 3.03 | 3.03 |
| **Profesorado** | ND | | | | | |
| **Persoas tituladas** | ND | | | | | |

| Titulación | <u>Mestrado en Deseño e Dirección Creativa en Moda</u> | | | |
|---|---|---|---|---|
| | Resultados de Participación | Satisfación xeral Curso 17-18 | Ítems/ epígrafes mellor valorados | ítems epígrafes peor valorados |
| **Alumnado** | 50% | 4.02 | 14. Os laboratorios, as aulas de informática os obradoiros e espazos experimentais e o seu equipamento: 4.67 | 9. A utilidade da información sobre a titulación transmitida por outros soportes (plataformas de teledocencia, taboleiros, pantallas audiovisuais...): 3.42 |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | 15. Os espazos destinados ao traballo autónomo (salas de estudos, aulas de informática, biblioteca...) e o seu equipamento: 4.58 | 1. A estruturación ou organización temporal das materias do plan de estudos: 3.58 |
| | | | 13. As aulas e o seu equipamento: 4.50 | 2. A coordinación entre as materias do plan de estudos: 3.67 |
| **Profesorado** | ND – Enquisa bianual | | | |
| **Persoas tituladas** | ND | | | |
| **Empregadores** | ND | | | |

| Enquisa | Organización e Desenvol-vemento | Información e transparen-cia | Sistema de garantía de calidade | Recursos humanos | Recursos materiais e servizos | Resultados de aprendizaxe |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Alumnado** | 3.88 | 4.0 | 3.73 | 3.91 | 4.38 | 4.0 |
| **Profesorado** | ND | | | | | |
| **Persoas tituladas** | ND | | | | | |

## II.1.4 Indicadores por materia

| Titulación: | Grao/ mestrado... | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Panel de indicadores por materia** | | Materia | Resultado Curso 17-18 | Resultado Curso X-1 | Resultado Curso X-2 |
| IM01 | Taxa de éxito | ANEXO II | | | |
| IM02 | Taxa de avaliación | | | | |
| IM03 | Taxa de rendemento | | | | |

| Informes de cualificación por materia | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Materia | NP | MH | SOBRS | NOTB | APROB | SUSP |
| ANEXO III | | | | | | |
| | | | | | | |

## II.1.5. Outros indicadores propios do centro/ título (validados pola UEP)

**Neste epígrafe os centros que teñan solicitado, consonte o procedemento de medición, análise e mellora, indicadores propios que completan o panel de indicadores institucionais, poden recoller os resultados obtidos e unha breve análise deles.*

| Panel de indicadores adicionais | Resultado Curso X | Resultado Curso X-1 | Resultado X-2 |
|---|---|---|---|
| **IA01** | | | |
| **IA02** | | | |
| **IA03** | | | |

## II.1.6. Datos relativos a QSP recibidas

| **Queixas** | | Titulación | Resultado Curso 17/18 | Resultado Curso 16/17 | Resultado Curso 15/16 |
|---|---|---|---|---|---|
| Relativas á: | Docencia | | 5 | 16 | 4 |
| Relativas á: | Infraestruturas | | 0 | 2 | 0 |
| Relativas á: | Servizos | | 3 | 1 | 9 |
| Relativas á: | .... | | | | |
| **Suxestións** | | | | | |
| Relativas á | Docencia | | 1 | 1 | 1 |
| Relativas á | Infraestruturas | | 0 | 0 | 0 |
| Relativas á | Servizos | | 1 | 0 | 0 |
| Relativas á | ... | | | | |
| **Parabéns** | | | | | |
| Relativas á | Docencia | | 0 | 0 | 1 |
| Relativas á | Infraestruturas | | 0 | 0 | 0 |
| Relativas á | Servizos | | 0 | 0 | 0 |
| Relativas á | ... | | | | |

## II.1.7. Estado de situación dos rexistros de calidade do sistema

**Neste epígrafe, bastará con incluír como anexo un resumo extraído da aplicación informática de xestión documental do SGC como o que se amosa no exemplo.*

Pode consultarse o Anexo IV

II.1.8. Outros datos (que queira resaltar o centro)

*Os centros/títulos poden engadir, neste informe outros resultados relevantes, mais aló dos relacionados estritamente co panel de indicadores.

*Poden incluírse referencia ou recortes relevantes en prensa sobre o centro, as titulacións, o profesorado do centro, outros logros acadados ou cuestións de especial interese.

## III. ANÁLISE DE RESULTADOS DAS TITULACIÓNS DO CENTRO –SEGUIMENTO DAS TITULACIÓNS

**Seguimento da titulación: Grao en Belas Artes**

## CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO

| |
|---|
| O programa formativo está actualizado e tense implantado de acordo ás condicións establecidas na memoria verificada.<br>Analizar e valorar si o desenvolvemento do plan de estudos realizouse conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte do alumnado. |
| Reflexión/comentarios que Xustifiquen a valoración:<br><br>O Grao en Belas Artes, tal e como ven acontecendo dende a súa implantación, cubriu todas as prazas ofertadas (130) e observamos un aumento tanto da nota media de acceso (7,48) como da nota mínima de acceso (5,92). Esta última é a nota máis alta acadada dende a implantación da titulación, e aínda que non é unha nota elevada considerando que a titulación cubre todas as súas prazas ofertadas, supón unha evolución positiva e presupón tanto unha maior demanda do estudantado nos estudios como, a priori unha mellor formación de base de cara a afrontar os estudos de grao. Na nota media de acceso destaca a nota media acadada polo alumando de Bacherelato en Artes LOMCE ou ABAU (9,15), sendo o perfil de acceso máis numeroso, dato que parece lóxico ao tratarse dun grao cun alto compoñente vocacional dentro das disciplinas artísticas e creativas que se manifesta normalmente dende idades temperáns.<br><br>Se observamos o resto de indicadores referidos as condicións de ingreso, as taxas de Ocupación (100%), Preferencia (150%) e Adecuación (93,85%) poderemos concluír que ten unha boa demanda de estudantado, acadando non só unha moi boa porcentaxe de Taxa de Preferencia senón tamén na Taxa de Adecuación, datos que indican que é un grao demandado tanto en primeira opción na prescripción como nas seguintes. Aínda que todos os datos son positivos, a nota mínima de acceso presenta unha puntuación baixa.<br><br>Outro aspecto a valorar é a procedencia xeográfica do alumando no Grao en Belas Artes. A pesares de ser o único grao universitario en estudos de Belas Artes no Noroeste de España a captación de alumnado de comunidades autónomas fora de Galicia é baixa. A maioría do alumnado de grao posúe unha xeolocalización familiar en Galicia, sendo Asturias a comunidade de fora máis numerosa (9) mentres que as demais, ainda que moi variadas, son cifras moi baixas (de xeito case xenérico aportan 1 alumno/a). Dentro do territorio galego destaca unha polarización na provincia de Pontevedra, sendo Vigo con 80 e Pontevedra con 54 as cidades grandes que máis alumnado aporta á titulación. Chama a atención que cidades como A Coruña (32), Santiago (13) ou Ourense (26) aporten un número baixo de alumnado en relación ao volume de poboación. En termos de provincias Pontevedra aporta 275 alumnos, fronte a A Coruña con 148, Ourense con 49 e Lugo con 25. En este sentido son varios os factores que explican esta situación. Por unha parte a proximidade xeográfica da cidade de Vigo, a máis poboada de Galicia, permite ao alumnado que reside na cidade un desprazamento diario a Pontevedra que supón un aforro de custos de aloxamento para as familias importante. Por outra banda, a existencia das Escolas Superiores de Arte e Superiores de Deseño nas cidades de A Coruña, Lugo, Ourense e Santiago de Compostela sen dúbida supoñen unha competencia directa cos estudos de Belas Artes. Estas escolas, ainda que non son estudios universitarios, |

ofrecen titulacións «Equivalentes a Grao» en disciplinas como Deseño Gráfico, Deseño de Interiores e Deseño de Moda, e Ensinanzas Artísticas profesionais en Fotografía e Ilustración. Estes estudos e disciplinas son demandadas por potenciais alumnos/as do Grao en Belas Artes e moitos deles optan por estudar na súa propia cidade en lugar de desprazarse a Pontevedra. A Facultade de Belas Artes, tal e como queda recollido no «Plan de Promoción do centro», ven realizando unha política de promición e publicidade dos seus estudos, publicando folletos informativos, material audiovisual, contidos en redes sociais e web así como charlas informativas en institutos sobre os estudos ofertados. Ainda que, tal e como comentabamos anteriormente, a titulación cubre todas as súas prazas historicamente, a campación de novos alumnado que supoña un aumento da Taxa de Preferencia pode ser unha boa estratexia para subir a nota mínima de acceso á titulación.

Os resultados das enquisas de satisfacción no item «Organización e desenvolvemento» ofrece indicadores normais (2,58 Alumnado e 3,21 Persoas tituladas). Sen embargo entre o alumnado dous dos epígrafes dentro do item que acadan menor puntuación son a «Coordinación entre as materias do plan de estudos (2,24)» e «A estructuración temporal das materias do plan de estudos (2,38)». Ainda que non son puntuación baixas, dentro do «Informe final do PAT 2017/2018» observamos certas queixas por parte do alumnado sobre a coordinación de determinadas asignaturas, concretamente: Antropoloxía, Produción Artística: Imaxe I, Produción Artística: Imaxe II, Produción artística: Obxecto e Espazo. Cumpre sinalar que se trata de asignaturas de gran carga de créditos (12) e con un número elevado de profesores, circunstancia que dificulta a súa coordinación. As queixas refírense principalmente a certa disparidade de contidos impartidos e criterios de avaliación entre o diferente profesorado da asignatura. En este sentido é preciso traballar nunha mellora na coordinación a través das figuras do coordinador de curso e coordinador de materia. Sen embargo é preciso aclarar que estas queixas recollidas no informe do PAT non quedan reflexadas dun xeito claro nas enquisas de avaliación, polo tanto poderiamos concluír que se trata de aspectos puntuais a mellorar.

Memoria vixente do título e Guías docentes.
É importante sinalar que a memoria vixente do título foi unha das primeiras memoria elaboradas e aprobadas dunha titulación de Grao na Universidade de Vigo e a primeira, xunto coa Universidade de Aragón, en implantar unha titulación de Grao en Belas Artes no territorio español. Como consecuencia, as normativas de elaboración no que respecta á memoria, competencias, resultados de aprendizaxe, metodoloxías docentes etc... foron lixeiramente diferentes e foise facendo un esforzo de adaptación das mesmas ás novas normativas que foron xurdindo baixo as indicacións da Área de Calidade da Universidade. Tales cambios, que nunca supuxeron cambios sustanciais na memoria do título, foron incorporadas ás Guías docentes para unha maior claridade e compatibilidade co resto de titulacións. Estes cambios quedaron reflexados nos correspondentes autoinformes de avaliación, informes de revisión do sistema pola dirección, informes de coordinación e discutidos e analizados na xunta de calidade. Por parte da Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado no curso 17/18 solicitouse a todas as titulacións a modificación de certos aspectos relativos a «Metodoloxías» e «Probas de avaliación» que supoñían novidades con respecto ao curso pasado. Na reunión da Comisión Académica de Calidade (18/12/2017) aprobouse unha Guía de metodoloxías e sistemas de avaliación que amplía a anteriormente vixente. Estes cambios xa se atopaban actualizados na aplicación DocNet, pero foi necesaria a atención aos seguintes aspectos:

Metodoloxías:
1. Saídas de estudo/prácticas de campo:
Esta metodoloxía divídese agora en dúas:
- saídas de estudo.
- prácticas de campo.
2. Metodoloxías integradas.
Esta metodoloxía abranguía outras que aparecen separadas agora:
- Aprendizaxe baseada en proxectos.
- Metodoloxías baseadas en investigación.
- Aprendizaxe colaborativa.

| |
|---|
| - Aprendizaxe baseada en problemas.<br>As materias que tivesen seleccionada as "metodoloxías integradas" verán que aparece no seu lugar "Aprendizaxe baseada en problemas". Se non se vai utilizar, deberase eliminar e escoller as mencionadas antes (proxectos, investigación, colaborativa).<br>Probas:<br>1. Traballos e proxectos aparece agora dividida en dúas probas:<br>- Traballo<br>- Proxecto<br>No lugar de traballos e proxectos aparecerá "traballo". Se non se precisa esa metodoloxía, debe borrarse e escoller "proxecto".<br>2. Informes/memorias de prácticas externas ou prácticum: Agora aparece dividida en tres probas, tal como figura na táboa.<br><br>O profesorado realizou os cambios correspondentes sen incidencias salientables, pero foi precisa unha revisión máis detallada atendendo a estes aspectos por parte dos coordinadores de curso e coordinación de grao de xeito que as guías non contiveran aspectos non recollidos na memoria vixente do título ou fosen coherentes coa mesma. Ainda que nas QSPs recibidas ningunha das queixas durante o curso 17/18 se refire a incoherencias nas guías docentes, tal e como indicabamos anteriormente dentro do Informe final do Plan de Acción Titorial recibironse por parte do alumnado certas queixas de descoordinación especialmente nos criterios de avaliación en determinadas materias. Sen embargo puidose comprobar que os criterios de avaliación eran coherentes coas guías docentes elaboradas e a memoria vixente do título. Dentro do PAT, todolos cursos académicos informase aos alumnos da importancia do coñecemento das guías docentes como un documento que supón unha planificación detallada de todo o desenvolvemento da docencia, xa que en moitas ocasións o alumnado descoñece a existencia das mesmas e presentan queixas especialmente en aspectos de avaliación sen coñecer as guías docentes. |

| **Puntos débiles detectados:** | **Accións de mellora a implantar:** |
|---|---|
| • Queixas por parte do alumnado de certa descoordinación en determinadas asignaturas.<br>• Polarización do alumnado no entorno xeográfico da cidade de Pontevedra. | • Análisis das queixas e traballo de coordinación entre as figuras de coordinador de asignatura e curso, e análise dos resultados na Comisión de Calidade.<br>• Analizar na Comisión do SGIC as causas desa polarización e estudar novas accións/reforzar as accións de promoción e informativas dos estudos ofertados no centro máis alá do entorno xeográfico cercano. |

| |
|---|
| Evidencias nas que basea a valoración:<br><br>E1: Memoria vixente do título<br>E2: Informes de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación do título, incluíndo os plans de mellora<br>E3: Perfil de ingreso do alumnado(grao)<br>E4: Guías docentes (actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación, por materia e curso académico)<br>E5: Actas das reunións da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade<br>E6: Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos indicando o número de créditos recoñecidos (por prácticas, títulos propios, experiencia profesional, etc.).<br>QSP relacionadas coa organización e desenvolvemento da ensinanza |
| Indicadores nos que se basea a valoración: |

I1/I04-AC: Matrícula de novo ingreso por prescrición
I2: No caso de mestrado, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia
I3/I09-DO: Indicadores de mobilidade (número de estudantes que participan en programas de mobilidade, relación entre estudantes que participan en programas de mobilidade e estudantes matriculados,…)
I09(2)-DO: Estudantes estranxeiros
I4/I05-DO/ I06-DO/ I07-DO/ I08-DO: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a organización e desenvolvemento da ensinanza.
I01-AC: Nota media de acceso
I01(2)-AC: Nota mínima de acceso
I02-AC: Ocupación
I03-AC: Preferencia
I03(2)-AC: Adecuación

## CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA

O centro dispón de mecanismos para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garantan a súa calidade.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Segundo o «Plan operativo de información pública» do centro, todas as canles de información funcionaron correctamente e cumpriron cos seus obxectivos. A información sobre todas as titulacións é pública e atópase dispoñible en todas as canles de comunicación definida polo plan en tempo e forma para todos os axentes implicados. Baseándose nas evidencias non atopamos, en ningunha das titulacións do centro, queixas no sistema QSP nin no informe do PAT sobre información e transparencia. Nas enquisas de satisfacción o ítem «Información e transparencia» obteñen puntuacións altas en todas as titulacións e en todos os colectivos de interese. Indícanse a continuación un resumo das mesas por titulación e grupos de interese:

**Grao en Belas Artes:**
Alumnado 2,58
Persoas tituladas: 3,21

**Mestrado en ACCI:**
Alumnado: 3,3
Persoas tituladas: 2,63

**Mestrado LIAA:**
Alumando: 3,21
Persoas tituladas: --

**Mestrado en DDCM:**
Alumnado: 4
Persoas tituladas: --

| | |
|---|---|
| Ningunha das titulacións acada unha puntuación menor que 2,5 puntos sobre 5, destacando a percepción moi positiva do alumnado no Mestrado en DDCM con 4 puntos.<br><br>A pesares de que a web do centro ofrece información detallada e completa cumprindo os obxectivos do «Plan Operativo de Información Pública», é precisa unha actualización do seu deseño así como na parte técnica das ferramentas de xestión de contidos co obxectivo de incluír contidos multimedia dun xeito máis doado. A actual páxina dispón dunha tecnoloxía de programación que, aínda que segue a ser funcional, consta de case 10 anos e presenta algunhas carencias de imposibilidades de actualización de certos contidos.<br><br>No caso do Mestrado en Deseño e Dirección Creativa en Moda posue unha web propia con un deseño diferente e máis actual á do centro (ainda que seguindo as directrices básicas da identidade visual da Universidade de Vigo). Esta web parece ter unha boa acollida e ofrece máis posibilidades de promoción da titulación entre o futuro alumnado. Proponse como plan de mellora para o vindeiro curso un redeseño da web do centro integrando todas as titulacións.<br><br>Por outra banda, detectamos nos últimos anos un cambio na tendencia no uso de redes sociais entre o alumnado de todas as titulacións. Dende fai uns anos a rede social Instagram pasou a ser a máis usada polo alumnado máis novo en detrimento da rede Facebook. Por iso para unha mellor comunicación e promoción das actividades proponse como acción de mellora a creación dun perfil do centro Facultade de Belas Artes na rede Instagram que veña a complementar a información do resto das redes e poida chegar tamén ao alumnado futuro. | |
| **Puntos febles detectados:**<br>- A pesares de que a web do centro ofrece información detallada e completa, é precisa unha actualización do seu deseño así como na parte técnica das ferramentas de xestión de contidos co obxectivo de incluír contidos multimedia dun xeito máis doado. A actual páxina dispón dunha tecnoloxía de programación que, aínda que segue a ser funcional, consta de case 10 anos e presenta algunhas carencias de imposibilidades de actualización de certos contidos.<br>- O alumnado máis novo mudou de hábitos na redes social, sendo agora maioritaria o uso da rede Instagram fronte a Facebook. | **Accións de mellora a implantar:**<br>- Posta en marcha dun novo deseño para a web do centro que integre a información de todas as titulacións e que inclúa unha plataforma de xestión de contidos máis sinxela e actualizada a tecnoloxías actuais.<br>- Creación dun perfil en Instagram do centro para unha comunicación máis efectiva especialmente co alumnado máis novo. Definición das súas funcións e revisión do «Plan Operativo de Información Pública». |
| Evidencias nas que se baseou a valoración:<br>E6: Páxina web do título/centro/universidade (información referida ao anexo II)<br>R1- DO0301P1: Plan operativo de información pública<br>QSP relacionadas coa transparencia e/ou información pública | |
| Indicadores nos que se baseou a valoración:<br>I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a satisfacción coa web e/ou a información pública. | |

## CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE

A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de xeito eficaz, a mellora continua da titulación.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen la valoración:**

*As valoracións feitas sobre o SGIC, dada a súa transversalidade, inclúen a todas as titulacións de Grao e Mestrado do centro.

Durante o curso 2017/2018 non se produciron cambios organizativos na Comisión do SGIC, manténdose coa mesma composición do curso pasado.
Producíronse os seguintes cambios nos procedementos do sistema de calidade:
- PE-01 P1 Xestión do PAS (Índice 04),
- PE-02 P1 Xestión do Persoal Docente e Investigador,
- Anexo 1: PE 02 P1 Ficha de Formación,
- DO-0201 Planificación e desenvolvemento da ensinanza,
- Anexo DO 0201 Guía para o Informe de Coordinación.

Ditos procedementos foron aprobado en Xunta do SGIC e Xunta de Facultade o 29/11/2017 e foron implantados sen ningunha incidencia.

Durante o curso 17/18 a Comisión do SGIC levou a discusión e análise todos aqueles asuntos e informes anuais do sistema de calidade de todas as titulacións do centro (Informe de coordinación, informe de revisión do sistema pola dirección, Informes de PAT, Informes de autavaliación, Obxectivos e política de calidade…). Ademáis analizou todos aqueles asuntos transversais a todo SGIC. Nas actas da Comisión do SGIC quedan reflexados estos aspectos como o reparto da Bolsa de horas de descontó do decanato para aquelas actividades de xestión e coordinación, análise da asignación de titorizacións de alumnos TFG e a súa problemática, límite de prazas de recoñecemento de estudos, aprobación das guías docentes… Algunos de estos temas non se debatirán nunca na comisión, limitándose a ser aprobados na Xunta de centro.

Elaborouse, discutiuse e aprobouse un novo Plan de Acción Titorial para a nova titulación «Mestrado en Deseño e Dirección Creativa en Moda» asignandose ademáis un responsable de PAT. En relación a esta nova titulación para o vindeiro curso traballarase na revisión e análisis dos seus obxectivos de calidade que están reflexados na memoria verificada. Elaboraranse ademais todos aqueles procedementos que sexa necesario implantar na mesma e analizaranse aqueles aspectos que sexa necesario modificar para adaptarse á evolución e realidade da nova titulación.

Durante o curso 17/18 tamén foron elaborados, discutidos e validados pola Comisión do SGIC procedementos e normativas de todas as titulacións que aínda non existían. Foron os seguintes:
- Plan operativo de información pública.
- Plan de promoción do centro.
- Criterios de selección de recursos materiais e proveedores.
- Procedemento para o seguimento da docencia.

Ditas normativas e procedementos permitiron avanzar en diferentes aspectos do SGIC, especialmente a aqueles relativos á Organización de desenvolvemento, Información e transparencia e Recursos materiais e

servizos. Supuxeron unha ferramenta de traballo e permitiron clarificar aspectos do seguimento da docencia, de promoción do centro e información a todos os sectores implicados. A súa posta en marcha permitiu ademáis detectar novas necesidades e carencias, como a revisión do deseño da paxina web do centro ou as costume de uso dar redes sociais por parte do alumnado á que máis adiante nos referiremos.

Nas enquisas de satisfacción, as puntuacións xerais acadadas coa satisfacción da calidade non presentan valores desviados da puntuación media nin dos obxectivos de calidade en ningunha das titulacións nin ningun do grupos de interese.
Os informes finais do PAT amosan información valiosa que non quedou reflexada nin nos sistema de QSP nin nas enquisas de satisfacción. Tal e como xa analizamos, detectamos certa descoordinación entre algunhas materias do Grao en Belas Artes e no Mestrado en Arte Contemporánea, Creación e Investigación canalizadas a través das reunións cos titores alumnos e coordinadores de curso e titulación. Estas disfuncións foron incorporadas nos informes de coordinación, PAT e Revisión do sistema pola dirección xunto e os Plans de mellora.

Durante o curso 17/18 aprobouse oficialmente a «Declaración de interese» para a elaboración da memoria e posterior implantación da nova titulación de «Grao en Deseño e Creación» cunha previsión de implantación na facultade a partir do curso 2019/2020. Todo o proceso realizado ata ese momento implicou unha serie de reunións e procedementos internos do SGIC que detallamos:

Tal e como indica o procedemento do Sistema de Garantía Interno de Calidade da Facultade de Belas Artes «DO-0101 P1 Deseño, verificación, modificación e acreditación das titulacións oficiais», antes de emprender o proceso de deseño da titulación, confirmouse cos órganos de goberno da Universidade de Vigo a súa viabilidade e adecuación estratéxica no marco do Sistema Universitario Galego. Isto implicou reunións coas persoas responsables acordándose finalmente a pertinencia de iniciar formalmente o procedemento de deseño do plan de estudos que conducen á obtención dun título de grao. Estas conversas deron como resultado a aprobación en xunta de centro no curso 16/17 dunha pre-declaración de interese da implantación do título, a cal foi remitida ao Vicerreitorado de Organización Académica e Profesorado da Universidade de Vigo.
Antes de iniciar o proceso formal, durante os meses anteriores á declaración de interese definitiva, realizáronse unha serie de reunións informativas e de recollida de propostas e ideas con todos os sectores implicados no centro (PDI, PAS e alumnado). Na primeira desas reunións celebrada 7 de febreiro de 2018, reuniuse ao sector do PDI implicado en labores de xestión, equipo decanal, coordinadores das titulacións do centro, dirección de departamentos con sede no centro, e ex-decanos en activo que participaron nas reunións das diferentes conferencias de decanos e elaboración do Libro Blanco das titulacións das Facultade de Belas Artes.
No mes de febreiro, realizáronse tres reunións co resto de persoal do centro; reunións co PDI (20/02/2018), PAS (16/02/2018) e alumnado (20/02/2018). En estas reunións o equipo decanal realizou un percorrido por todo o traballo realizado nas conferencias de decanos dende a presentación dos Libros Brancos e o panorama actual das titulacións de Grao en Deseño nas facultades de Belas Artes en España. Realizouse un primero plantexamento das características principais do novo grao, as condicións de implantación e os obxectivos, recollendo todas as suxerencias e problemáticas plantexadas por todos os sectores.
O debate entre o sector PDI centrouse na pertinencia e necesidade da implantación dun novo grao en Deseño no centro como unha ocasión de completar a oferta de titulacións de grao, mestrado e doutoramento nun sector estratéxico de futuro. Entre o profesorado mantiveronse diferentes posturas que non atoparon consenso ata o memento. Existen posturas a favor da implantación do grao e outras recelosas con respecto á disminución do alumnado no grao en Belas Artes imposto pola universidade e Xunta de Galicia como unha condición para a implantacion dun novo grao no centro, e o impacto do novo grao na situación dos recursos e as intraestructuras e espazos de facultade.

<table>
<tr><td colspan="2">Especialmente relevante resultou a reunión co sector PAS, xa que permitiu obter a perspectiva real da situación nos talleres, laboratorios, aulas e medios materiales por parte dos mestros de taller responsables e persoal de conserxería, así como por parte do persoal de administración ao respecto do traballo administrativo e de xestión que implicaría a nova titulación, recollendo todas as necesidades e previsións para a nova titulación. No relativo ao alumnado, as reunións permitiron constatar o interese por parte deste sector na nova titulación. As demandas do alumnado mostraron as súas preferencias por unha formación en Deseño aberta aos novos soportes dixitais, a gráfica audiovisual e multimedia e a la inclusión de disciplinas transversais como a Ilustración e a Fotografías integradas.<br>Nas reunións da Comisión do Sistema de Garantía Interno de Calidade e na Xunta de Facultade do día 27/02/2018 aprobase a Declaración de Interese do «Grao en Deseño e Creación pola Universidade de Vigo» segundo modelo oficial, seguindo o «Calendario o o procedemento de tramitación de verificación e modificación de títulos de grao para a súa implantación no curso 2019/2020». Na mesma Xunta de Facultade establecese un debate no que se considera pertinente que dado o impacto da implantación dun novo Grao sobre o Grao en Belas Artes, se crease unha comisión de estudo sobre posibles modificacións no Grao en Belas Artes para unha mellor coordinación co novo Grao en Deseño. Deste xeito nomeanse e aprobanse a Xunta de Titulación e a Comisión de estudio de posibles cambios no Grao en Belas Artes.<br>A Declaración de interese foi remitida á Vicerrectoría de Organización Académica e Profesorado (VOAP) a cal realiza a correspondente difusión pública dentro da comunidade universitaria. A COAP e o Consello de Goberno da Universidade de Vigo posteriormente valoran e aproban a adecuación da proposta aos requisitos xerais e estratexia institucional.<br>Deste xeito, tanto dita comisión como a xunta de titulación comezan a traballar en paralelo e a realizar reunións para a elaboración da memoria do Grao en Deseño e Creación, co seguinte calendario:<br>22/03/2018 Primeira reunión da Xunta de Titulación e constitución da mesma.<br>12/04/2018 Segunda reunión da Xunta de Titulación. Aprobación da normativa de funcionamento interno. A reunión prolongouse aos días 17 e 24 de marzo, e 3 de maio.<br>En canto as reunións da Comisión de posibles cambios no plan de estudos do Grao en Belas Artes, reuniuse:<br>22/03/2018. Primeira reunión.<br>03/05/2018 Segunda reunión.<br>Na última das súas reunións ata a data, a Xunta de titulación -e posteriormente a Xunta de Facultade-, aproba o aprazamento da presentación da Memoria de Verificación do título Grao en Deseño e Creación para o curso 2020-2021, xa que a comisión considera que é preciso un estudio máis pormenorizado das condicións de implantación e con máis tempo para a elaboración dunha memoria en condicións óptimas.<br><br>Como conclusión, podemos afirmar polo tanto en base aos datos e evidencias analizadas que o centro dispón dun sistema interno de garantía da calidade implementado que garantiza a mellora continua da titulación.</td></tr>
<tr><td>Puntos febles detectados:<br>- Obxectivos de calidade incompletos das novas titulacións do centro.</td><td>Accións de mellora a implantar:<br>- Analizar e aprobar os obxectivos de calidade da nova titulación Mestrado en Deseño e Dirección Creativa en Moda</td></tr>
<tr><td colspan="2">Evidencias nas que se baseou a valoración:<br>E5: Actas das reunión celebradas, da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade</td></tr>
</table>

| |
|---|
| E10: Documentación do SGC (Política, **obxectivos de calidade**, manual e procedementos)<br>E11: Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolven as directrices do SGC: Política de calidade, deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza, avaliación centrados no estudante, garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información pública)<br>E12: Plans de mellora derivados da implantación do SGC<br>EA4: Informe de certificación da implantación do SGC (no seu caso) |
| **Indicadores nos que se baseou a valoración:**<br>I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre a xestión da calidade<br><u>I5: **Resultados dos indicadores asociados aos obxectivos de calidade do centro**</u> |

## CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS

| |
|---|
| O persoal académico e de apoio é suficiente e axeitado de acordo coas características do título e o número de estudantes. |
| **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**<br><br>Analizando a cualificación e características do PDI no Grao en Belas Artes existe un equilibrio entre o profesorado a tempo completo con dedicación total e o profesorado a tempo parcial. O porcentaxe de profesores doutores é alto, incluída a porcentaxe de doutores entre os asociados (3 de 6=50%). Existe un equilibrio entre as categorías de profesorado (4 CU, 25 TU, 11CD, 1 TEU, 6 ASOC., 5 Cont. Interino, 3 Contratado Predoutoral Uvigo, 1 Contratado Predoutoral Xunta e 9 profesores invitados. O número elevado de profesores invitados corresponde a necesidades puntuais de docencia por causas excepcionais de baixas inesperadas durante o curso. Como aspecto positivo destaca a alta presencia de docentes con contrato predoutoral, algo que supón un necesario relevo xeracional e unha implicación de docentes xoves no desenvolvemento da docencia. Na actualidade, a media de idade do profesorado da titulación é moi elevada, estando moitos dos docentes preto da ideade de xubilación. Nos vindeiros cursos é preciso por parte da universidade e da planificación dos departamentos unha política de novas contratacións que manteña un equilibrio entre figuras de profesorado xunto con un necesario relevo xeracional.<br><br>Outro aspecto positivo a valorar é o alto incremento no número total de sexenios de investigación que se ven producindo cada curso académico, acadando este ano os 67.<br><br>A % de profesorado que participa en programas de mobilidade aumentou con respecto a outros cursos académicos, aínda que o número segue a ser pequeno (4).<br><br>Tamén aumentou o número de profesorado en programas de formación, superando os números dos dous cursos anteriores (8).<br><br>A porcentaxe de profesorado que participa no programa quinquenal de Docentia, tal e como analizabamos no informe do curso pasado é do 0%. Ainda que non existen datos da nova convocatoria, dende a facultade fixose un esforzo por explicar a importancia e a pertinencia da participación en dito programa. Agardamos que a porcentaxe de profesorado avaliado sexa maior en vindeiros cursos.<br><br>As puntuacións acadadas dentro das enquisas de satisfacción no item «Recursos humanos» entran dentro da normalidade (Alumando 2,6 e Profesorado 3,69) e ningún dos items relacionados aparece dentro dos peor valorados. Observando os resultados das Enquisas de avaliación da docencia e a súa evolución, no «Grao de satisfacción do estudantado coa actividade docente do profesorado» sofre un aumento positivo de case un punto (3,74) con respecto ao curso pasado e superando ampliamente os obxectivos de calidade marcados. Polo que respecta ao «Grao de satisfacción do estudantado coa planificación e desenvolvemento do ensino» descende lixeiramente con respecto ao curso pasado (2,63) pero cumple os obxectivos de calidade. No que respecta ao «Grao de satisfacción das persoas tituladas coa planificación e desenvolvemento do ensino» sobe ata un 2,42 superando a puntuación do curso pasado. Non dispoñemos de resultados das Enquisas de satisfacción do profesorado coa planificación e desenvolvemento do ensino ao tratarse de enquisas bianuais. Non existen polo tanto datos negativos que nos indiquen problemas en relación á evolución da docencia e os recursos humanos dispoñibles. Cabe destacar que é preciso seguir insistindo na promoción da participación das enquisas pola parte do alumnado que, aínda que se mantén en porcentaxes similares ao curso pasado resultaría positivo aumentar ese porcentaxe de participación. |

| |
|---|
| Dentro das QSPs recibidas durante o curso, o alumnado fai referencia a problemas na asignatura de Proxectos fotográficos de 4º curso derivados dos retrasos nos prazos administrativos de contratación de novo profesorado. Dita problemática foi abordada a través da coordinación de curso e os departamentos e foi subsanada con profesorado invitado.<br><br>No informe final do PAT do curso o alumnado non fai referencia a problemáticas relacionadas cos recursos humanos relacionados coa docencia.<br><br>Con respecto ao persoal de apoio, durante o curso 17/18 comenzou a funcionar unha nova organización despois da nova RPT. Esta nova organización supuxo un período de adaptación previo. Detectase un desaxuste na estructura na secretaría da área académica que fai que na mesta estean saturados de traballo. A pesar de esta circunstancia cumprese satisfacctoriamente a atención ao alumnado. Tamén destaca especialmente as melloras nas labores de apoio a calidade.<br><br>A porcentaxe de PAS en formación superou notablemente as puntuacións dos dous anos anteriores chegando ao 70,28%, un resultados óptimos.<br><br>Non dispoñemos de resultados de enquisas de satisfacción do PAS ao tratarse dunha enquisa bianual. |

| **Puntos febles detectados:** | **Accións de mellora a implantar:** |
|---|---|
| • | • |

| |
|---|
| Evidencias nas que se baseou valoración:<br>E15: Plan de ordenación docente do título: Información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.). No caso de profesionais externos, solicitarase un currículo breve.<br>E16: Información sobre o persoal de apoio (número, experiencia profesional, categoría, etc.)<br>R2-PE02 P1: Informe para os responsables académicos ( DOCENTIA) |
| Indicadores nos que se baseou a valoración:<br>I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre aspectos relacionados co persoal docente e o PAS e fundamentalmente resultados da enquisa de satisfacción do PAS e PDI<br>I6/I017(2)-PE: Porcentaxe de participación do profesorado da titulación en plans de formación da Universidade e en actividades formativas específicas<br>I7/I017-PE: Porcentaxe de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas.<br>I8: Resultados das enquisas de avaliación da docencia e a súa evolución<br>I9: Porcentaxe de profesorado avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos<br>I10: Evolución dos indicadores de mobilidade (número, porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título)<br>I15: Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,…)<br>I02-PE: Cualificación do PDI<br>I03-PE: Resultados de investigación de carácter académico(Sexenio)<br>I03(2)-PE: Profesorado por categoría |

## CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS

| Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os axeitados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados/as e competencias a adquirir polos/as mesmos/as. |
|---|
| Reflexión/comentarios que xustifican a valoración:<br><br>Unha das fortalezas que posúe o centro Facultade de Belas Artes, e polo tanto todas as titulacións que aquí se imparten, é una axeitada dotación de recursos materiais e servizos. Se analizamos os resultados das enquisas de satisfacción dos diferentes grupos de interese observamos como unha das puntuacións máis elevadas é a relativa aos epígrafes que fan referencia aos laboratorios, as aulas de informática, os obradoiros e espazos experimentais e o seu equipamento así como os espazos para o traballo autónomo do alumando, os recursos bibliográficos e o equipamento da biblioteca. Destacan especialmente as valoracións dos «Recursos materiais e servizos» que fai o alumnado do Grao en Belas Artes e do Mestrado en Deseño e Dirección Creativa en Moda. É importante sinalar que estas dúas titulacións son as que maior demanda teñen de infraestructuras e talleres específicos pola propia natureza práctica dos seus estudos, fronte as outras titulacións máis teóricas (como o mestrado en Arte Contemporánea, Creación e Investigación) ou que demandan menos recursos por ser disciplinas moi específicas (como o Mestrado en Libro Ilustrado e Animación Audiovisual).<br><br>Un aspecto a destacar das enquisas de satisfacción é a maior valoración en estes epígrafes que fan as Persoas tituladas con respecto ao alumnado. Esta información é moi valiosa xa que implica un coñecemento máis global dos recursos dispoñibles por parte de persoas que xa remataron os seus estudos no centro e podan estar cursando outras titulacións noutros centros ou vivindo as súas primeiras experiencias laborais. En termos xerais, e tal e como reflexan esas enquisas, ou incluso en reunións informais con titulados, recoñecese como un dos puntos máis fortes do centro o equipamento de laboratorios, talleres e aulas, opinión que tamén é compartida polo alumnado propio e alleo de intercambio internacional.<br><br>Outro dos aspectos mellor valorados en todas as titulacións e por todos os grupos de interese son os espazos destinados ao traballo autónomo (salas de estudos, aulas de informática, biblioteca...) e o seu equipamento. No Grao en Belas Artes entre o alumnado acadan unha puntuación nas enquisas de satisfacción dun 3,37 e no Mestrado en Deseño e Dirección Creativa en Moda cun 4,58. No resto de titulacións mantéñense tamén en puntuacións elevadas sen observar carencias en este sentido.<br><br>Durante o curso 17/18 realizáronse melloras na xestión de recursos materiais. Por unha parte incorporouse á plantilla de PAS un Mestre de Taller en Audiovisuais, encargado da xestión, coordinación de material audiovisual, mantemento e apoio técnico a aquelas asignaturas da área de audiovisuais. Por outra parte púxose en marcha unha plataforma online de xestión de préstamo de |

material audivisual (cámaras, trípodes, focos, steadicams...) de xeito que o alumnado pode realizar esa xestión de xeito virtual. Ambas medidas sen dúbida suporán unha mellora cualitativa na disposición dos recursos e na formación recibida polo alumnado en esta área.

Se analizamos os informes do PAT do curso 17/18, no relativo a recursos materiais e servizos, o alumnado e o profesorado volve a indicar de xeito recurrente unha problemática en relación aos horarios dos talleres, especialmente os talleres de madeira, pedra, metal e plásticos. Ditos talleres pechan ás 5 da tarde, cumprindo co horario laboral do PAS responsables, mentres que moitas asignaturas teñen un horario de clases que se prolonga máis tarde desa hora. Dende o decanato do centro fixose dende fai anos un esforzo por tentar adecuar o horario das clases da tarde cos horarios de talleres. En anteriores cursos académicos, e tal e como está reflexado nos distintos informes de seguimento e PAT, así como nos plans de mellora, realizáronse reunións de coordinación entre o profesorado, o PAS e coa Administración do Campus para tentar de resolver este problema, sen embargo existe unha incompatibilidade de horario cos profesionais responsables que impide ter aberto os talleres máis horas. En este sentido, os mestres de taller indicaron que os talleres estaban usándose en ocasións como espazos de docencia e ese non é o seu cometido. Nas reunións co profesorado fíxose fincapé en esta circunstancia e a través dos coordinadores de titulación e curso incidiuse na necesidade de adecuar os horarios no traballo presencial e traballo autónomo a dispoñibilidade dos talleres.

| **Puntos febles detectados:** | **Accións de mellora a implantar:** |
|---|---|
| • Carencias puntuais de certos materiais e equipamento nas aulas, así como certo material deteriorado polo uso no tempo (cabaletes de pintura, mesas e cadeiras...) que aínda que non supón unha merma na formación do alumnado é necesario revisar e reparar anualmente.<br>• Carencia de ferramentas sinxelas nas aulas para a realización de tarefas simples, especialmente nas aulas nas que se traballa en procesos escultóricos. | • Revisión xeral de todos os equipamentos básicos de aulas, especialmente nas aulas de traballo e nas aulas teóricas (mesas, cadeiras, cabaletes, mesas de traballo pesado...).<br>• Compra de material e ferramentas sinxelas para o traballo de aula fora dos talleres que permita ao alumnado a realización de traballos sinxelos básicos. |

**Evidencias nas que se baseou a valoración:**

E18: Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título

E19: Información sobre os servizos de orientación académica e programas de acollida-PAT

E20: Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares e Extracurriculares.

E21: Fondos bibliográficos e outros recursos documentais relacionados coa temática do título

E22: Materiais didácticos e/ou tecnolóxicos que permiten unha aprendizaxe a distancia

| E23: Convenios en vigor coas entidades onde se realizan as prácticas externas |
|---|
| **Indicadores nos que se baseou a valoración:**<br>I4: Resultados das enquisas de satisfacción a tódolos grupos de interese sobre os recursos<br>materiais e servizos<br>I08-D0: Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas<br>I11: Nº de alumnado por centro de prácticas.<br>I15: Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...) |

# CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE

| |
|---|
| Os resultados de aprendizaxe acadados polos/as titulados/as son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES da titulación.<br>Analizar os resultados da aprendizaxe acadados polos/as estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES del título. |

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Dentro das titulacións do centro, so as titulacións de Mestrado posúen prácticas curriculares. O Grao en Belas Artes non conta con prácticas profesionais nos seus contidos, sen embargo sí conta con programa de prácticas extracurriculares xestionado pola Fundación Universidade de Vigo. Cabe destacar como fortaleza da titulación que cada vez un número maior de alumnos realiza voluntariamnete este tipo de prácticas compaxinandoas cos estudios de grao. Durante o curso 17/18 un total de 15 alumnos/as realizaron prácticas extracurriculares en empresas da contorna e doutras comunidades autónomas. A natureza das actividades do ámbito creativo resulta diversa, froito do perfis variados do alumnado de grao. Non podemos realizar unha valoración completa desta actividade xa que non se posúen datos do grao de satisfacción coas prácticas académicas externas. Agardamos que en vindeiros cursos podamos valorar fortalezas e debilidades dun xeito máis obxectivo, pero a xulgar pola tendencia cade vez maior a realizar este tipo de prácticas fai presupoñer que se trata de actividades valoradas e positivas.

Cualificacións por materia
Nas materias do Grao en Belas Artes non observamos grandes desviacións nas cualificacións obtidas polo alumnado en ninguna das asignaturas, pero si observamos cómo na asignatura TFG existe un maior número de alumando non presentado (30) de entre as asignaturas obrigatorias. Este dato queda reflexado na Taxa de Avaliación do 75% fronte á Taxa media da titulación do 98%. Esta circunstancia e todo o que implica xa a analizamos á hora de analizar as Taxas de Graduación, Éxito e Rendemento. Compre sinalar sen embargo que o número de sobresalientes (37) na asignatura é o máis elevado, o que presupón un grande interese por parte do alumnado na asignatura e un gran aproveitamento da mesma.

Cabe destacar como unha gran fortaleza na realización do TFG a grande variedade de disciplinas e temáticas que elixe o alumnado dentro do ámbito das artes plásticas e a creación. Se observamos a oferta titorial ( http://193.146.39.203/bbaa/_documentos/2018-19/OFERTA%20TITORIAL.pdf ) a titulación ofrece para a realización do TFG en disciplinas como a Pintura, Escultura, gráfica, audiovisuais, ilustración, deseño, instalación, fotografía, arte de acción… que se corresponden coas demandas do alumnado. O alumnado que realiza estes traballos participa ademáis na exposición anual de Graduados/as en Belas Artes «Do final e do comenzo» que se realiza todos os anos no Pazo da Cultura de Pontevedra. Esta exposición permite á titulación e a facultade dar a coñecer á contorna da cidade o traballo feito polos estudantes, e supon para eles un gran aliciente á hora de afrontar na súa realización máxima un proxecto final que será exposto nunha sala de exposición de cara ao público.

Indicar tamén que o maior número de non presentados corresponde a moitas das materias obrigarias de máis carga de créditos (12) como Imaxe en Movemento, Producción artística: Imaxe II, Producción artística: Obxecto e espazo ou Procesos de Espazo e Tempo. Nos resultados de cualificacións non existen grandes desequilibrios entre asignaturas, con un baixo número de suspensos, sendo os números máis elevados Escultura (20) e Producción Artística: Audiovisuais (24).

Se observamosos nunha visión global os resultados detallados por materia as Taxas de éxito, rendemento e avaliación podemos constatar que non existen grandes desviacións en ninguna materia con respecto ás Taxas globais. A Taxa de éxito situase no 96%, e so en duas materias descenden do 80% (Escultura 83% e Producción Artística Audiovisuais 80%) mantendose en valores normais. A Taxa de Rendemento global situase no 86% e so algunhas materias se sitúan preto do 70% (Proxectos fotográficos 71%, Producción artística: Audiovisuais (73%) e TFG (73%). A Taxa de Avaliación global é do 98%. A Taxa de Rendemento global é do 86% e so descenden do 80% as asignaturas de Arte e Espazo Social (79%), Proxectos fotográficos (76%) e TFG (75%).

Polo que respecta ás Enquisas de satisfacción do estudantado alcanza unha puntuación global de 2,78 superando os obxectivos de calidade de >2,5. Entre as persoas tituladas obtense unha puntuación sensiblemente maior de 2,94. Un aspecto a mellorar sería a necesidade de incrementar a participación do alumnado en ditas enquisas (52,60%). Tamén no que respecta ás Enquisas de satisfacción coas titulacións oficiais, nas que a participación do alumnado é do 31% e das persoas tituladas do 22%, cifras que é necesario incrementar fomentando a participación para a obtención duns datos máis fiables.

| Puntos febles detectados: | Accións de mellora a implantar: |
|---|---|
| - Baixa participación do alumnado e persoas tituladas nas enquisas de satisfacción coa titulación e do alumnado nas Enquisas de satisfacción co profesorado. | - Análise das causas e fomento da participación nas enquisas. |

**Evidencias nas que se se baseou la valoración:**

E4: Guías docentes das materias

E24: Listaxe de traballos  fin de grao/ fin de mestrado (título,titor e calificación)

E25/: Informes de cualificación por materia

EA11: Informes de prácticas

**Indicadores nos que se baseou a valoración:**

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese-Análisis xeral de resultados de todas as enquisas de satisfacción

I12: Indicadores de resultados (taxa de éxito global do título e taxa de éxito por materia)

## CRITERIO 7. RESULTADOS DE SATISFACIÓN E RENDEMENTO

Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos ao dispor do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.
Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados adecúanse ás previsións e características do título.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Sen dúbida, unha das maiores fortalezas do Grao en Belas Artes atópase nos seus indicadores da evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico. Na serie histórica a titulación acadou sempre os seus obxectivos cubrindo sempre as prazas ofertadas (130) e obtendo sempre unha boa demanda de alumnado. Como xa analizamos en anteriores puntos, o grao obtén uns bos indicadores nas súas taxas de Ocupación, Preferencia e Adecuación, cumprindo os obxectivos de calidade marcados. Como punto mellorable, cabe destacar que a nota mínima de acceso resulta algo baixa, presupoñéndose máis alta pola elevada Taxa de Preferencia. Aínda así, tal e como sinalábamos, a nota mínima de acceso é a maior dende que se implantou o Grao en BBAA.

Non se plantexa unha modificación da oferta de prazas de novo ingreso na titulación xa que a relación de oferta e demanda considerase axeitada.

No que respecta á Taxa de Graduación segue a incumprir o obxectivo marcado, e aínda que sube con respecto ao curso pasado (52,94%) non acada o obxectivo de calidade do >60%. Os obxectivos de calidade de dita taxa xa foron modificados no curso pasado pasando de >70% a >60% adaptando tal obxectivo dun xeito máis realista e despois de observar a evolución histórica dos últimos anos. Este dato, en base a os indicadores observados, foi analizado na comisión do SGIC, tal e como indicaba o «Plan de melloras do curso» e acordouse adaptalos a uns valores máis acordes coa realidade da titulación, toda vez que o resto de valores relacionados (Rendemento, Abandono, Eficiencia, Graduación, Éxito...)obtiñan uns resultados positivos cumprindo os obxectivos. Poden consultarse a análise da taxa nas actas do curso da Comisión do SGIC. No «Informe de Revisión do Sistema pola dirección» do curso 16/17 analizabamos os datos por materia das taxas de Éxito, Rendemento e Avaliación, e relacionando os valores globais da titulación observábamos cómo existían diferencias entre esas taxas e os valores do TFG. Os valores da titulación son altos, Taxa de éxito (96%), taxa de Rendemento 86% e Avaliación 98%, e esta situación implica que aínda que o alumnado permanece na titulación un número maior dos 4 anos + 1 sí aproba os créditos nos que se matricula nunha alta porcentaxe. No caso do TFG a Taxa de éxito é do 98% próxima á Taxa global, pero as Taxas de Rendemento e Avaliación son do 73% e 75%, máis baixas que a media da titulación, o cal nos indica que o alumnado matriculado no TFG finalmente non se presenta á avaliación e prolonga as convocatorias durante máis dun ano. Temos que ter en conta que para poder presentarse á asignatura do TFG é preciso ter aprobados todos os demáis créditos da titulación, o que obriga a que o alumnado que ten asignaturas suspensas non poda presentarse en ese curso académico ao TFG. Observamos tamén nos últimos anos un aumento do número de alumnos que optan voluntariamente por presentarse á convocatoria extraordinaria de xullo e nas seguintes convocatorias extraordinarias, equilibrándose o número de presentados entre xuño e xullo. No Grao en Belas Artes o TFG é unha asignatura de 18 créditos que implica un gran traballo e esforzó en número de horas de traballo e titorización. En relación a esta circunstancia observamos cómo tamén moitos alumnos de compatibilizan traballo con estudos (e que non optan pola modalidade de matrícula a tempo parcial) posponen a presentación e realización do TFG máis alá dos cursos académicos naturais que correspondería para rematar o grao. Como consecuencia desta situación a Duración media dos estudos situase en 4,82 anos.

| |
|---|
| Por outra banda, observamos cómo a Taxa de Graduación media na Universidade de Vigo é do 41,45% e nas titulacións e humanidades do 53,33%. Isto implica que a Taxa de Graduación do Grao en Belas Artes estaría en cifras por encima da media e moi preto de cumprir co obxectivo de calidade.<br><br>A Taxa de Abandono obtén un lixeiro aumento con respecto aos dous últimos cursos chegando ata o 15,67% (fronte ao 11,72% do curso pasado) pero mantense en valores cercanos aos obxectivos de calidade (<15%). A Taxa de Eficiencia cumpre o obxectivo do 90% marcado. O mesmo sucede coa Taxa de Rendemento que mellora notablemente con respecto a cursos anteriores chegando ao 86% fronte ao 82% do curso anterior. A Taxa de éxito chega ao 96% cun obxectivos de >90% e superando a do ano anterior. A Taxa de Avaliación é do 89% subindo dous puntos porcentuais con respecto ao curso pasado (87%). Ditos valores están por encima da Taxa de Avaliación media da Universidade de Vigo (86%).<br><br>A excepción da Taxa de Graduación podemos dicir que existe unha evidente mellora en case todos os indicadores de resultados na titulación, subindo de xeito importante en moitos deles. Non observamos polo tanto desviacións importantes con respecto á memoria da titulación nin aos obxectivos de calidade marcados.<br><br>Con respecto aos datos de inserción laboral non dispoñemos de datos posteriores a 2013, polo tanto ainda non existían graduados en Belas Artes considerando que a titulación comenzou a impartirse no curso 2009-2010. O mesmo acontece cos datos de tempo medio para atopar emprego, co cal non podemos realizar unha análise fiable dos datos de inserción laboral. |

| **Puntos febles detectados:** | **Accións de mellora a implantar:** |
|---|---|
| Incumprimento da Taxa de Graduación de xeito reiterado nos últimos cursos | Analizar as causas en detalle do incumplimento da Taxa de Graduación na Xunta do SGIC e, de ser o caso, propoñer acción correctoras ou novos obxectivos de calidade máis realistas. |

| |
|---|
| **Evidencias nas que se baseou a valoración:**<br>E9: Plans de mellora derivados da implantación do SGC |
| **Indicadores:**<br>I1: Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico<br>I12: Evolución dos indicadores de resultados<br>Taxa de graduación<br>Taxa de abandono<br>Taxa de eficiencia<br>Taxa de rendimento<br>Taxa de éxito<br>Taxa de avaliación (distinguir entre alumnado a tempo completo e a tempo parcial)<br>I13: Relación de oferta/demanda das prazas de novo ingreso |

I14/I016-D0: Resultados de inserción laboral/Tempo medio para atopar emprego

I010-DO: Duración media dos estudos

Seguimento da titulación: Mestrado en Arte Contemporánea. Creación e Investigación

## CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO

| |
|---|
| O programa formativo está actualizado e tense implantado de acordo ás condicións establecidas na memoria verificada.<br>Analizar e valorar si o desenvolvemento do plan de estudos realizouse conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte do alumnado |
| Reflexión/comentarios que Xustifiquen a valoración:<br><br>O Mestrado en Arte contemoránea. Creación e Investigación (MACCI) cubriu todas as prazas mínimas ofertadas (20) pero non conseguiu cubrir as 25 prazas ofertadas. Sofre ademais un descenso de matrícula con respecto aos dous últimos cursos. Como consecuencia, a Taxa de ocupación é do 71,43%, a nota mínima de acceso situase nun 5,30 e a nota media é dun 7,6. Estos datos supoñen a necesidade de analizar as causas do descenso do número de matrículas e unha maior promoción do mestrado.<br><br>Outro aspecto a valorar é a procedencia xeográfica do alumando no Mestrado. A pesares de ser o único centro universitario en estudos de mestrado en Arte no Noroeste de España a captación de alumnado de comunidades autónomas fora de Galicia é baixa. A maioría do alumnado de grao posúe unha xeolocalización familiar en Galicia, maioritariamente na provincia de Pontevedra. O alumnado de fora de Galicia, ainda que moi variado, constitue cifras moi baixas (de xeito case xenérico aportan 1 alumno/a). Dentro do territorio galego destaca unha polarización na provincia de Pontevedra, sendo Vigo con 56 e Pontevedra con 4 as cidades grandes que máis alumnado aporta á titulación. En termos de provincias Pontevedra aporta 16 alumnos de 20, fronte a A Coruña con 5. En este sentido son varios os factores que explican esta situación, pero un moi relevante é a proximidade xeográfica da cidade de Vigo, a máis poboada de Galicia, que permite ao alumnado que reside na cidade un desprazamento diario a Pontevedra, o que supón un aforro de custos de aloxamento para as familias importante. A Facultade de Belas Artes, tal e como queda recollido no «Plan de Promoción do centro», ven realizando unha política de promoción e publicidade dos seus estudos, publicando folletos informativos, material audiovisual, contidos en redes sociais e web así como charlas informativas en institutos sobre os estudos ofertados. Dado que, tal e como comentabamos anteriormente, a titulación non cubre todas as súas prazas ofertadas, a captación de novos alumnado que supoña un aumento da matrícula resulta preferente.<br><br>Os resultados das enquisas de satisfacción no item «Organización e desenvolvemento» ofrece indicadores normais (3,1 Alumnado e 2,81 Persoas tituladas). Sen embargo entre o alumnado dous dos epígrafes dentro do item que acadan menor puntuación son a «Coordinación entre as materias do plan de estudos (2,6)» e «A estructuración temporal das materias do plan de estudos (2,4)». Ainda que non son puntuación baixas, dentro do «Informe final do PAT 2017/2018» observamos certas queixas por parte do alumnado sobre a coordinación de determinadas asignaturas, concretamente: Laboratorio de Tempo I, Laboratorio de Unicidade I, Gnoseología del Arte, nas que os alumnos demandan unha maior adaptación as guías docentes, e Tendencias e Modos de Producción |

Contemporánea demandando unha maior coordinación entre os docentes. En este sentido é preciso traballar nunha mellora na coordinación a través das figuras do coordinador de mestrado e coordinadores de materia. Sen embargo é preciso aclarar que estas queixas recollidas no informe do PAT non quedan reflexadas dun xeito claro nas enquisas de avaliación, polo tanto poderiamos concluír que se trata de aspectos puntuais a mellorar.

Memoria vixente do título e Guías docentes.
É importante sinalar que a memoria vixente do título foi unha das primeiras memoria elaboradas e aprobadas dunha titulación de Mestrado Universitario na Universidade de Vigo. Como consecuencia, as normativas de elaboración no que respecta á memoria, competencias, resultados de aprendizaxe, metodoloxías docentes etc... foron lixeiramente diferentes e foise facendo un esforzo de adaptación das mesmas ás novas normativas que foron xurdindo baixo as indicacións da Área de Calidade da Universidade. Tales cambios, que nunca supuxeron cambios sustanciais na memoria do título, foron incorporadas ás Guías docentes para unha maior claridade e compatibilidade co resto de titulacións. Estes cambios quedaron reflexados nos correspondentes autoinformes de avaliación, informes de revisión do sistema pola dirección, informes de coordinación e discutidos e analizados na xunta de calidade. Por parte da Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado no curso 17/18 solicitouse a todas as titulacións a modificación de certos aspectos relativos a «Metodoloxías» e «Probas de avaliación» que supoñían novidades con respecto ao curso pasado. Na reunión da Comisión Académica de Calidade (18/12/2017) aprobouse unha Guía de metodoloxías e sistemas de avaliación que amplía a anteriormente vixente. Estes cambios xa se atopaban actualizados na aplicación DocNet, pero foi necesaria a atención aos seguintes aspectos:

Metodoloxías:
1. Saídas de estudo/prácticas de campo:
Esta metodoloxía divídese agora en dúas:
- saídas de estudo.
- prácticas de campo.
2. Metodoloxías integradas.
Esta metodoloxía abranguía outras que aparecen separadas agora:
- Aprendizaxe baseada en proxectos.
- Metodoloxías baseadas en investigación.
- Aprendizaxe colaborativa.
- Aprendizaxe baseada en problemas.
As materias que tivesen seleccionada as “metodoloxías integradas” verán que aparece no seu lugar “Aprendizaxe baseada en problemas”. Se non se vai utilizar, deberase eliminar e escoller as mencionadas antes (proxectos, investigación, colaborativa).
Probas:
1. Traballos e proxectos aparece agora dividida en dúas probas:
- Traballo
- Proxecto
No lugar de traballos e proxectos aparecerá “traballo”. Se non se precisa esa metodoloxía, debe borrarse e escoller “proxecto”.
2. Informes/memorias de prácticas externas ou prácticum: Agora aparece dividida en tres probas,
tal como figura na táboa.

O profesorado realizou os cambios correspondentes sen incidencias salientables, pero foi precisa unha revisión máis detallada atendendo a estes aspectos por parte dos coordinadores de curso e coordinación de grao de xeito que as guías non contiveran aspectos non recollidos na memoria vixente do título ou fosen coherentes coa mesma.

Ainda que nas QSPs recibidas ningunha das queixas durante o curso 17/18 se refire a incoherencias nas guías docentes, tal e como indicabamos anteriormente dentro do Informe final do Plan de Acción Titorial recibironse por parte do alumnado certas queixas de descoordinación en determinadas materias. Sen embargo puidose

| |
|---|
| comprobar que os criterios de avaliación eran coherentes coas guías docentes elaboradas e a memoria vixente do título. Dentro do PAT, tódolos cursos académicos informase aos alumnos da importancia do coñecemento das guías docentes como un documento que supón unha planificación detallada de todo o desenvolvemento da docencia, xa que en moitas ocasións o alumnado descoñece a existencia das mesmas e presentan queixas especialmente en aspectos de avaliación sen coñecer as guías docentes. |

| **Puntos débiles detectados:** | **Accións de mellora a implantar:** |
|---|---|
| • Queixas por parte do alumnado de certa descoordinación en determinadas asignaturas.<br>• Polarización do alumnado no entorno xeográfico da cidade de Pontevedra. | • Análisis das queixas e traballo de coordinación e análise dos resultados na Comisión de Calidade.<br>• Analizar na Comisión do SGIC as causas desa polarización e estudar novas accións/reforzar as accións de promoción e informativas dos estudos ofertados no centro máis alá do entorno xeográfico cercano. |

**Evidencias nas que basea a valoración:**

E1: Memoria vixente do título

E2: Informes de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación do título, incluíndo os plans de mellora

E3: Perfil de ingreso do alumnado(grao)

E4: Guías docentes (actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación, por materia e curso académico)

E5: Actas das reunións da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade

E6: Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos indicando o número de créditos recoñecidos (por prácticas, títulos propios, experiencia profesional, etc.).

QSP relacionadas coa organización e desenvolvemento da ensinanza

**Indicadores nos que se basea a valoración:**

I1/I04-AC: Matrícula de novo ingreso por prescrición

I2: No caso de mestrado, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia

I3/I09-DO: Indicadores de mobilidade (número de estudantes que participan en programas de mobilidade, relación entre estudantes que participan en programas de mobilidade e estudantes matriculados,...)

I09(2)-DO: Estudantes estranxeiros

I4/I05-DO/ I06-DO/ I07-DO/ I08-DO: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a organización e desenvolvemento da ensinanza.

I01-AC: Nota media de acceso

I01(2)-AC: Nota mínima de acceso

I02-AC: Ocupación

I03-AC: Preferencia

I03(2)-AC: Adecuación

## CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA

| |
|---|
| O centro dispón de mecanismos para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garantan a súa calidade. |
| Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:<br><br>*O Criterio 2: Información e Transparencia trátase dun xeito global pola súa transversalidade co resto de titulacións do centro<br><br>Segundo o «Plan operativo de información pública» do centro, todas as canles de información funcionaron correctamente e cumpriron cos seus obxectivos. A información sobre todas as titulacións é pública e atópase dispoñible en todas as canles de comunicación definida polo plan en tempo e forma para todos os axentes implicados. Baseándose nas evidencias non atopamos, en ningunha das titulacións do centro, queixas no sistema QSP nin no informe do PAT sobre información e transparencia. Nas enquisas de satisfacción o ítem «Información e transparencia» obteñen puntuacións altas en todas as titulacións e en todos os colectivos de interese. Indícanse a continuación un resumo das mesas por titulación e grupos de interese:<br><br>**Grao en Belas Artes:**<br>Alumnado 2,58<br>Persoas tituladas: 3,21<br><br>**Mestrado en ACCI:**<br>Alumnado: 3,3<br>Persoas tituladas: 2,63<br><br>**Mestrado LIAA:**<br>Alumando: 3,21<br>Persoas tituladas: --<br><br>**Mestrado en DDCM:**<br>Alumnado: 4<br>Persoas tituladas: --<br><br>Ningunha das titulacións acada unha puntuación menor que 2,5 puntos sobre 5, destacando a percepción moi positiva do alumnado no Mestrado en DDCM con 4 puntos.<br><br>A pesares de que a web do centro ofrece información detallada e completa cumprindo os obxectivos do «Plan Operativo de Información Pública», é precisa unha actualización do seu deseño así como na parte técnica das ferramentas de xestión de contidos co obxectivo de incluír contidos multimedia dun xeito máis doado. A actual páxina dispón dunha tecnoloxía de programación que, aínda que segue a ser funcional, consta de case 10 anos e presenta algunhas carencias de imposibilidades de actualización de certos contidos. |

No caso do Mestrado en Deseño e Dirección Creativa en Moda posue unha web propia con un deseño diferente e máis actual á do centro (ainda que seguindo as directrices básicas da identidade visual da Universidade de Vigo). Esta web parece ter unha boa acollida e ofrece máis posibilidades de promoción da titulación entre o futuro alumnado. Proponse como plan de mellora para o vindeiro curso un redeseño da web do centro integrando todas as titulacións.

Por outra banda, detectamos nos últimos anos un cambio na tendencia no uso de redes sociais entre o alumnado de todas as titulacións. Dende fai uns anos a rede social Instagram pasou a ser a máis usada polo alumnado máis novo en detrimento da rede Facebook. Por iso para unha mellor comunicación e promoción das actividades proponse como acción de mellora a creación dun perfil do centro Facultade de Belas Artes na rede Instagram que veña a complementar a información do resto das redes e poida chegar tamén ao alumnado futuro.

| **Puntos febles detectados:** | **Accións de mellora a implantar:** |
|---|---|
| - A pesares de que a web do centro ofrece información detallada e completa, é precisa unha actualización do seu deseño así como na parte técnica das ferramentas de xestión de contidos co obxectivo de incluír contidos multimedia dun xeito máis doado. A actual páxina dispón dunha tecnoloxía de programación que, aínda que segue a ser funcional, consta de case 10 anos e presenta algunhas carencias de imposibilidades de actualización de certos contidos.<br>- O alumnado máis novo mudou de hábitos na redes social, sendo agora maioritaria o uso da rede Instagram fronte a Facebook. | - Posta en marcha dun novo deseño para a web do centro que integre a información de todas as titulacións e que inclúa unha plataforma de xestión de contidos máis sinxela e actualizada a tecnoloxías actuais.<br>- Creación dun perfil en Instagram do centro para unha comunicación máis efectiva especialmente co alumnado máis novo. Definición das súas funcións e revisión do «Plan Operativo de Información Pública». |

**Evidencias nas que se baseou a valoración:**

E6: Páxina web do título/centro/universidade (información referida ao anexo II)

R1- DO0301P1: Plan operativo de información pública

QSP relacionadas coa transparencia e/ou información pública

**Indicadores nos que se baseou a valoración:**

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a satisfacción coa web e/ou a información pública.

## CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE

A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de xeito eficaz, a mellora continua da titulación.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen la valoración:**

*As valoracións feitas sobre o SGIC, dada a súa transversalidade, inclúen a todas as titulacións de Grao e Mestrado do centro.

Durante o curso 2017/2018 non se produciron cambios organizativos na Comisión do SGIC, manténdose coa mesma composición do curso pasado.
Producíronse os seguintes cambios nos procedementos do sistema de calidade:
- PE-01 P1 Xestión do PAS (Índice 04),
- PE-02 P1 Xestión do Persoal Docente e Investigador,
- Anexo 1: PE 02 P1 Ficha de Formación,
- DO-0201 Planificación e desenvolvemento da ensinanza,
- Anexo DO 0201 Guía para o Informe de Coordinación.

Ditos procedementos foron aprobado en Xunta do SGIC e Xunta de Facultade o 29/11/2017 e foron implantados sen ningunha incidencia.

Durante o curso 17/18 a Comisión do SGIC levou a discusión e análise todos aqueles asuntos e informes anuais do sistema de calidade de todas as titulacións do centro (Informe de coordinación, informe de revisión do sistema pola dirección, Informes de PAT, Informes de autavaliación, Obxectivos e política de calidade…). Ademáis analizou todos aqueles asuntos transversais a todo SGIC. Nas actas da Comisión do SGIC quedan reflexados estos aspectos como o reparto da Bolsa de horas de descontó do decanato para aquelas actividades de xestión e coordinación, análise da asignación de titorizacións de alumnos TFG e a súa problemática, límite de prazas de recoñecemento de estudos, aprobación das guías docentes… Algunos de estos temas non se debatirán nunca na comisión, limitándose a ser aprobados na Xunta de centro.

Elaborouse, discutiuse e aprobouse un novo Plan de Acción Titorial para a nova titulación «Mestrado en Deseño e Dirección Creativa en Moda» asignandose ademáis un responsable de PAT. En relación a esta nova titulación para o vindeiro curso traballarase na revisión e análisis dos seus obxectivos de calidade que están reflexados na memoria verificada. Elaboraranse ademais todos aqueles procedementos que sexa necesario implantar na mesma e analizaranse aqueles aspectos que sexa necesario modificar para adaptarse á evolución e realidade da nova titulación.

Durante o curso 17/18 tamén foron elaborados, discutidos e validados pola Comisión do SGIC procedementos e normativas de todas as titulacións que aínda non existían. Foron os seguintes:
- Plan operativo de información pública.
- Plan de promoción do centro.
- Criterios de selección de recursos materiais e proveedores.
- Procedemento para o seguimento da docencia.

Ditas normativas e procedementos permitiron avanzar en diferentes aspectos do SGIC, especialmente a aqueles relativos á Organización de desenvolvemento, Información e transparencia e Recursos materiais e

servizos. Supuxeron unha ferramenta de traballo e permitiron clarificar aspectos do seguimento da docencia, de promoción do centro e información a todos os sectores implicados. A súa posta en marcha permitiu ademáis detectar novas necesidades e carencias, como a revisión do deseño da paxina web do centro ou as costume de uso dar redes sociais por parte do alumnado á que máis adiante nos referiremos.

Nas enquisas de satisfacción, as puntuacións xerais acadadas coa satisfacción da calidade non presentan valores desviados da puntuación media nin dos obxectivos de calidade en ningunha das titulacións nin ningun do grupos de interese.
Os informes finais do PAT amosan información valiosa que non quedou reflexada nin nos sistema de QSP nin nas enquisas de satisfacción. Tal e como xa analizamos, detectamos certa descoordinación entre algunhas materias do Grao en Belas Artes e no Mestrado en Arte Contemporánea, Creación e Investigación canalizadas a través das reunións cos titores alumnos e coordinadores de curso e titulación. Estas disfuncións foron incorporadas nos informes de coordinación, PAT e Revisión do sistema pola dirección xunto e os Plans de mellora.

Durante o curso 17/18 aprobouse oficialmente a «Declaración de interese» para a elaboración da memoria e posterior implantación da nova titulación de «Grao en Deseño e Creación» cunha previsión de implantación na facultade a partir do curso 2019/2020. Todo o proceso realizado ata ese momento implicou unha serie de reunións e procedementos internos do SGIC que detallamos:

Tal e como indica o procedemento do Sistema de Garantía Interno de Calidade da Facultade de Belas Artes «DO-0101 P1 Deseño, verificación, modificación e acreditación das titulacións oficiais», antes de emprender o proceso de deseño da titulación, confirmouse cos órganos de goberno da Universidade de Vigo a súa viabilidade e adecuación estratéxica no marco do Sistema Universitario Galego. Isto implicou reunións coas persoas responsables acordándose finalmente a pertinencia de iniciar formalmente o procedemento de deseño do plan de estudos que conducen á obtención dun título de grao. Estas conversas deron como resultado a aprobación en xunta de centro no curso 16/17 dunha pre-declaración de interese da implantación do título, a cal foi remitida ao Vicerreitorado de Organización Académica e Profesorado da Universidade de Vigo.
Antes de iniciar o proceso formal, durante os meses anteriores á declaración de interese definitiva, realizáronse unha serie de reunións informativas e de recollida de propostas e ideas con todos os sectores implicados no centro (PDI, PAS e alumnado). Na primeira desas reunións celebrada 7 de febreiro de 2018, reuniuse ao sector do PDI implicado en labores de xestión, equipo decanal, coordinadores das titulacións do centro, dirección de departamentos con sede no centro, e ex-decanos en activo que participaron nas reunións das diferentes conferencias de decanos e elaboración do Libro Blanco das titulacións das Facultade de Belas Artes.
No mes de febreiro, realizáronse tres reunións co resto de persoal do centro; reunións co PDI (20/02/2018), PAS (16/02/2018) e alumnado (20/02/2018). En estas reunións o equipo decanal realizou un percorrido por todo o traballo realizado nas conferencias de decanos dende a presentación dos Libros Brancos e o panorama actual das titulacións de Grao en Deseño nas facultades de Belas Artes en España. Realizouse un primero plantexamento das características principais do novo grao, as condicións de implantación e os obxectivos, recollendo todas as suxerencias e problemáticas plantexadas por todos os sectores.
O debate entre o sector PDI centrouse na pertinencia e necesidade da implantación dun novo grao en Deseño no centro como unha ocasión de completar a oferta de titulacións de grao, mestrado e doutoramento nun sector estratéxico de futuro. Especialmente relevante resultou a reunión co sector PAS, xa que permitiu obter a perspectiva real da situación nos talleres, laboratorios, aulas e medios materiales por parte dos mestros de taller responsables e persoal de conserxería, así como por parte do persoal de administración ao respecto do traballo administrativo e de xestión que implicaría a nova titulación, recollendo todas as necesidades e previsións para a nova titulación. No relativo ao alumnado, as reunións permitiron constatar o interese por parte deste sector na nova titulación. As demandas do alumnado mostraron as súas preferencias por unha

| |
|---|
| formación en Deseño aberta aos novos soportes dixitais, a gráfica audiovisual e multimedia e a la inclusión de disciplinas transversais como a Ilustración e a Fotografías integradas.<br>Nas reunións da Comisión do Sistema de Garantía Interno de Calidade e na Xunta de Facultade do día 27/02/2018 aprobase a Declaración de Interese do «Grao en Deseño e Creación pola Universidade de Vigo» segundo modelo oficial, seguindo o «Calendario o o procedemento de tramitación de verificación e modificación de títulos de grao para a súa implantación no curso 2019/2020». Na mesma Xunta de Facultade establecese un debate no que se considera pertinente que dado o impacto da implantación dun novo Grao sobre o Grao en Belas Artes, se crease unha comisión de estudo sobre posibles modificacións no Grao en Belas Artes para unha mellor coordinación co novo Grao en Deseño. Deste xeito nomeanse e aprobanse a Xunta de Titulación e a Comisión de estudio de posibles cambios no Grao en Belas Artes.<br>A Declaración de interese foi remitida á Vicerrectoría de Organización Académica e Profesorado (VOAP) a cal realiza a correspondente difusión pública dentro da comunidade universitaria. A COAP e o Consello de Goberno da Universidade de Vigo posteriormente valoran e aproban a adecuación da proposta aos requisitos xerais e estratexia institucional.<br>Deste xeito, tanto dita comisión como a xunta de titulación comezan a traballar en paralelo e a realizar reunións para a elaboración da memoria do Grao en Deseño e Creación, co seguinte calendario:<br>22/03/2018 Primeira reunión da Xunta de Titulación e constitución da mesma.<br>12/04/2018 Segunda reunión da Xunta de Titulación. Aprobación da normativa de funcionamento interno. A reunión prolongouse aos días 17 e 24 de marzo, e 3 de maio.<br>En canto as reunións da Comisión de posibles cambios no plan de estudos do Grao en Belas Artes, reuniuse:<br>22/03/2018. Primeira reunión.<br>03/05/2018 Segunda reunión.<br>Na última das súas reunións ata a data, a Xunta de titulación -e posteriormente a Xunta de Facultade-, aproba o aprazamento da presentación da Memoria de Verificación do título Grao en Deseño e Creación para o curso 2020-2021, xa que a comisión considera que é preciso un estudio máis pormenorizado das condicións de implantación e con máis tempo para a elaboración dunha memoria en condicións óptimas.<br><br>Como conclusión, podemos afirmar polo tanto en base aos datos e evidencias analizadas que o centro dispón dun sistema interno de garantía da calidade implementado que garantiza a mellora continua da titulación. |

| **Puntos febles detectados:** | **Accións de mellora a implantar:** |
|---|---|
| - Completar os obxectivos de calidade de todas as titulacións do centro. | - Analizar e aprobar os obxectivos de calidade da nova titulación Mestrado en Deseño e Dirección Creativa en Moda |

| **Evidencias nas que se baseou a valoración:** |
|---|
| E5: Actas das reunión celebradas, da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade<br>E10: Documentación do SGC (Política, **obxectivos de calidade**, manual e procedementos)<br>E11: Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolven as directrices do SGC: Política de calidade, deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza, avaliación |

| |
|---|
| centrados no estudante, garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información pública)<br>E12: Plans de mellora derivados da implantación do SGC<br>EA4: Informe de certificación da implantación do SGC (no seu caso) |
| **Indicadores nos que se baseou a valoración:**<br>I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre a xestión da calidade<br>**I5: Resultados dos indicadores asociados aos obxectivos de calidade do centro** |

## CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS

| O persoal académico e de apoio é suficiente e axeitado de acordo coas características do título e o número de estudantes. |
|---|
| **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**<br><br>Analizando a cualificación e características do PDI no MACCI existe un equilibrio entre o profesorado a tempo completo con dedicación total do centro (19) e o profesorado externo en modalidade artista invitado (14). Existe ademais un profesor contratado predoutoral Xunta. Entre os profesores universitarios existe un equilibrio entre as categorías de profesorado (2 CU, 13 TU, 4 CD). Tal e como reflexan os Informes finais do PAT, o alumnado valora moi positivamente os profesionais externos. A súa visión profesional dende fora da universidade permite ao alumnado poder coñecer a realidade do mundo profesional da arte de primeira man. Os profesores invitados externos posuen na súa totalidade unha traxectoria artística recoñecida e algunhos deles foros alumnos do Grao ou Licenciatura en Belas Artes con un coñecemento directo das dinámicas do centro.<br><br>Outro aspecto positivo a valorar é número de sexenios de investigación que posue o profesorado do mestrado, acadando este ano os 35.<br><br>A % de profesorado que participa en programas de mobilidade segue a ser pequeno (1).<br><br>Tamén aumentou considerablemente o número de profesorado en programas de formación, superando os números dos dous cursos anteriores (7).<br><br>A porcentaxe de profesorado que participa no programa quinquenal de Docentia, tal e como analizabamos no informe do curso pasado é do 0%. Ainda que non existen datos da nova convocatoria, dende a facultade fixose un esforzo por explicar a importancia e a pertinencia da participación en dito programa. Agardamos que a porcentaxe de profesorado avaliado sexa maior en vindeiros cursos.<br><br>As puntuacións acadadas dentro das enquisas de satisfacción no item «Recursos humanos» son as máis elevadas (Alumando 3,8 e Persoas tituladas 3,63) e os items «Atención do persoal de administración e servizos do centro» (3,8) para os alumnos e «Cualificación do persoal de administración e servizos» (4,0) para as persoas tituladas obteñen as maiores puntuacións . Observando os resultados das Enquisas de avaliación da docencia e a súa evolución, no «Grao de satisfacción do estudantado coa actividade docente do profesorado» sofre un aumento positivo de case un punto (3,86) con respecto ao curso pasado e superando ampliamente os obxectivos de calidade marcados. Polo que respecta ao «Grao de satisfacción do estudantado coa planificación e desenvolvemento do ensino» tamén aumenta con respecto ao curso pasado (3,13) cumprindo os obxectivos de calidade. No que respecta ao «Grao de satisfacción das persoas tituladas coa planificación e desenvolvemento do ensino» sobe ata un 2,79 superando a puntuación do curso pasado. Non dispoñemos de resultados das Enquisas de satisfacción do profesorado coa planificación e desenvolvemento do ensino ao tratarse de enquisas bianuais. Non existen polo tanto datos negativos que nos indiquen problemas en relación á evolución da docencia e os recursos humanos dispoñibles. Cabe destacar que é preciso seguir insistindo na promoción da participación das enquisas pola parte do alumnado que, aínda que se mantén en porcentaxes similares ao curso pasado resultaría positivo aumentar ese porcentaxe de participación.<br><br>Dentro das QSPs recibidas durante o curso, o alumnado non fai referencia a problemas derivados do mestrado. Tampouco no informe final do PAT do curso o alumnado non fai referencia a problemáticas específicas relacionadas cos recursos humanos relacionados coa docencia, máis alá dos problemas de |

coordinación de algunhas asignaturas que citabamos anteriormente. Ningunha desas problemáticas fai referencia á cualificación e labor directa do profesorado.

Con respecto ao persoal de apoio, durante o curso 17/18 comenzou a funcionar unha nova organización despois da nova RPT. Esta nova organización supuxo un período de adaptación previo. Detectase un desaxuste na estructura na secretaría da área académica que fai que na mesta estean saturados de traballo. A pesar de esta circunstancia cumprese satisfacctoriamente a atención ao alumnado. Tamén destaca especialmente as melloras nas labores de apoio a calidade.

No que respecta ao mestrado, as tarefas feitas tanto en Apoio a centros e departamentos en cuestións de xestión económica e en secretaría con cuestións administrativas supuxeron un correcto funcionamento da titulación e un apoio moi importante á CAM da titulación.

A porcentaxe de PAS en formación superou notablemente as puntuacións dos dous anos anteriores chegando ao 70,28%, un resultados óptimos.

Non dispoñemos de resultados de enquisas de satisfacción do PAS ao tratarse dunha enquisa bianual.

En base a todos os datos analizados podemos dicir que os recursos humanos relacionados coa titulación son axeitados para a titulación.

| **Puntos febles detectados:** | **Accións de mellora a implantar:** |
|---|---|
| • Ningunha participación no programa DOCENTIA | • Fomento da participación no programa DOCENTIA no profesorado. |

Evidencias nas que se baseou valoración:
E15: Plan de ordenación docente do título: Información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.). No caso de profesionais externos, solicitarase un currículo breve.
E16: Información sobre o persoal de apoio (número, experiencia profesional, categoría, etc.)
R2-PE02 P1: Informe para os responsables académicos ( DOCENTIA)

Indicadores nos que se baseou a valoración:
I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre aspectos relacionados co persoal docente e o PAS e fundamentalmente resultados da enquisa de satisfacción do PAS e PDI
I6/I017(2)-PE: Porcentaxe de participación do profesorado da titulación en plans de formación da Universidade e en actividades formativas específicas
I7/I017-PE: Porcentaxe de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas.
I8: Resultados das enquisas de avaliación da docencia e a súa evolución
I9: Porcentaxe de profesorado avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos
I10: Evolución dos indicadores de mobilidade (número, porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título)
I15: Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,…)
I02-PE: Cualificación do PDI

I03-PE: Resultados de investigación de carácter académico(Sexenio)
I03(2)-PE: Profesorado por categoría

## CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS

| Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os axeitados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados/as e competencias a adquirir polos/as mesmos/as. |
|---|
| Reflexión/comentarios que xustifican a valoración:<br><br>*O Criterio 5: Recursos materiais e servizos trátase dun xeito global pola súa transversalidade co resto de titulacións do centro. Todos os recursos do centro son compartidos por todas as titulacións do mesmo.<br><br>Unha das fortalezas que posúe o centro Facultade de Belas Artes, e polo tanto todas as titulacións que aquí se imparten, é una axeitada dotación de recursos materiais e servizos. Se analizamos os resultados das enquisas de satisfacción dos diferentes grupos de interese observamos como unha das puntuacións máis elevadas é a relativa aos epígrafes que fan referencia aos laboratorios, as aulas de informática, os obradoiros e espazos experimentais e o seu equipamento así como os espazos para o traballo autónomo do alumando, os recursos bibliográficos e o equipamento da biblioteca. Destacan especialmente as valoracións dos «Recursos materiais e servizos» que fai o alumnado do Grao en Belas Artes e do Mestrado en Deseño e Dirección Creativa en Moda. É importante sinalar que estas dúas titulacións son as que maior demanda teñen de infraestructuras e talleres específicos pola propia natureza práctica dos seus estudos, fronte as outras titulacións máis teóricas (como o mestrado en Arte Contemporánea, Creación e Investigación) ou que demandan menos recursos por ser disciplinas moi específicas (como o Mestrado en Libro Ilustrado e Animación Audiovisual).<br><br>Un aspecto a destacar das enquisas de satisfacción é a maior valoración en estes epígrafes que fan as Persoas tituladas con respecto ao alumnado. Esta información é moi valiosa xa que implica un coñecemento máis global dos recursos dispoñibles por parte de persoas que xa remataron os seus estudos no centro e podan estar cursando outras titulacións noutros centros ou vivindo as súas primeiras experiencias laborais. En termos xerais, e tal e como reflexan esas enquisas, ou incluso en reunións informais con titulados, recoñecese como un dos puntos máis fortes do centro o equipamento de laboratorios, talleres e aulas, opinión que tamén é compartida polo alumnado propio e alleo de intercambio internacional.<br><br>Outro dos aspectos mellor valorados en todas as titulacións e por todos os grupos de interese son os espazos destinados ao traballo autónomo (salas de estudos, aulas de informática, biblioteca...) e o seu equipamento. No Grao en Belas Artes entre o alumnado acadan unha puntuación nas enquisas de satisfacción dun 3,37 e no Mestrado en Deseño e Dirección Creativa en Moda cun 4,58. No resto de titulacións manteñense tamén en puntuacións elevadas sen observar carencias en este sentido. |

Durante o curso 17/18 realizáronse melloras na xestión de recursos materiais. Por unha parte incorporouse á plantilla de PAS un Mestre de Taller en Audiovisuais, encargado da xestión, coordinación de material audiovisual, mantemento e apoio técnico a aquelas asignaturas da área de audiovisuais. Por outra parte púxose en marcha unha plataforma online de xestión de préstamo de material audivisual (cámaras, trípodes, focos, steadicams...) de xeito que o alumnado pode realizar esa xestión de xeito virtual. Ambas medidas sen dúbida suporán unha mellora cualitativa na disposición dos recursos e na formación recibida polo alumnado en esta área.

Se analizamos os informes do PAT do curso 17/18, no relativo a recursos materiais e servizos, o alumnado e o profesorado volve a indicar de xeito recurrente unha problemática en relación aos horarios dos talleres, especialmente os talleres de madeira, pedra, metal e plásticos. Ditos talleres pechan ás 5 da tarde, cumprindo co horario laboral do PAS responsables, mentres que moitas asignaturas teñen un horario de clases que se prolonga máis tarde desa hora. Dende o decanato do centro fixose dende fai anos un esforzo por tentar adecuar o horario das clases da tarde cos horarios de talleres. En anteriores cursos académicos, e tal e como está reflexado nos distintos informes de seguimento e PAT, así como nos plans de mellora, realizáronse reunións de coordinación entre o profesorado, o PAS e coa Administración do Campus para tentar de resolver este problema, sen embargo existe unha incompatibilidade de horario cos profesionais responsables que impide ter aberto os talleres máis horas. En este sentido, os mestres de taller indicaron que os talleres estaban usándose en ocasións como espazos de docencia e ese non é o seu cometido. Nas reunións co profesorado fíxose fincapé en esta circunstancia e a través dos coordinadores de titulación e curso incidiuse na necesidade de adecuar os horarios no traballo presencial e traballo autónomo a dispoñibilidade dos talleres.

| **Puntos febles detectados:** | **Accións de mellora a implantar:** |
|---|---|
| • Carencias puntuais de certos materiais e equipamento nas aulas, así como certo material deteriorado polo uso no tempo (cabaletes de pintura, mesas e cadeiras...) que aínda que non supón unha merma na formación do alumnado é necesario revisar e reparar anualmente.<br>• Carencia de ferramentas sinxelas nas aulas para a realización de tarefas simples, especialmente nas aulas nas que se traballa en procesos escultóricos. | • Revisión xeral de todos os equipamentos básicos de aulas, especialmente nas aulas de traballo e nas aulas teóricas (mesas, cadeiras, cabaletes, mesas de traballo pesado...).<br>• Compra de material e ferramentas sinxelas para o traballo de aula fora dos talleres que permita ao alumnado a realización de traballos sinxelos básicos. |

**Evidencias nas que se baseou a valoración:**

E18: Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título

| |
|---|
| E19: Información sobre os servizos de orientación académica e programas de acollida-PAT<br>E20: Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares e Extracurriculares.<br>E21: Fondos bibliográficos e outros recursos documentais relacionados coa temática do título<br>E22: Materiais didácticos e/ou tecnolóxicos que permiten unha aprendizaxe a distancia<br>E23: Convenios en vigor coas entidades onde se realizan as prácticas externas |
| **Indicadores nos que se baseou a valoración:**<br>I4: Resultados das enquisas de satisfacción a tódolos grupos de interese sobre os recursos<br>materiais e servizos<br>I08-D0: Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas<br>I11: Nº de alumnado por centro de prácticas.<br>I15: Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...) |

# CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE

| |
|---|
| **Estándar: Os resultados de aprendizaxe acadados polos/as titulados/as son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES da titulación.**<br>Analizar os resultados da aprendizaxe acadados polos/as estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES del título. |
| **Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**<br>Nas materias do MACCI non observamos grandes desviacións nas cualificacións obtidas polo alumnado en ninguna das asignaturas. A Taxa de éxito da titulación é do 100% e polo tanto todas as materias teñen a mesma puntuación. A Taxa de rendemento da titulación é do 86%. A asignatura de Laboratorio de tempo II é a que menor taxa de rendemento presenta con un 63%, seguida de Modelos e disciplinas auxiliares con un 75%. Ambas taxas non suponen una desviación significativa. A taxa de avaliación presentase nos memos datos ao ter unha taxa de éxito do 100%. A taxe de rendemento do TFM é do 83%, valor próximo á media da titulación. Ante estos datos podemos afirmar que non existen problemas en relación ás taxas de éxito, rendemento e avaliación da titulación.<br><br>Cabe destacar como unha gran fortaleza na realización do TFM a grande variedade de disciplinas e temáticas que elixe o alumnado dentro do ámbito das artes plásticas e a creación. O alumnado que realiza estes traballos participa ademáis na exposición anual de «Esto segue o seu curso» que se realiza todos os anos no Museo de Pontevedra. Esta exposición permite á titulación e a facultade dar a coñecer á contorna da cidade o traballo feito polos estudantes, e supon para eles un gran aliciente á hora de afrontar na súa realización máxima un proxecto final que será exposto nunha sala de exposición de cara ao público.<br><br>Polo que respecta ás Enquisas de satisfacción do estudantado alcanza unha puntuación global de 3,26 superando os obxectivos de calidade de >2,5. Entre as persoas tituladas obtense unha puntuación sensiblemente maior de 3,16. Un aspecto a mellorar sería a necesidade de incrementar a participación do alumnado en ditas enquisas (45,91%). A satisfacción do estudantado coa actividade docente do profesorado alcanza unha puntuación dun 3,86 e coa planificación e desenvolvemento dun 3,13. O grao de satisfacción das persoas tituladas coa planificación e desenvolvemento é do 2,79. Todas estas puntuacións supoñen superar os obxectivos de calidade e supoñen melloras con respecto a cursos anteriores, polo tanto podemos afirmar que se cumpren todos os obxectivos de calidade. |

| Puntos febles detectados: | Accións de mellora a implantar: |
|---|---|
| - Baixa participación do alumnado e persoas tituladas nas enquisas de satisfacción coa titulación e do alumnado nas Enquisas de satisfacción co profesorado. | - Análise das causas e fomento da participación nas enquisas. |

| |
|---|
| **Evidencias nas que se se baseou la valoración:**<br>E4: Guías docentes das materias<br>E24: Listaxe de traballos fin de grao/ fin de mestrado (título,titor e calificación) |

| |
|---|
| E25/: Informes de cualificación por materia<br>EA11: Informes de prácticas |
| **Indicadores nos que se baseou a valoración:**<br>I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese-Análisis xeral de resultados de todas as enquisas de satisfacción<br>I12: Indicadores de resultados (taxa de éxito global do título e taxa de éxito por materia) |

# CRITERIO 7. RESULTADOS DE SATISFACIÓN E RENDEMENTO

**Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos ao dispor do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.**

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se Os resultados adecúanse ás previsións e características do título.

**Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:**

Tal e como afirmabamos, a titulación presenta problemas para cumprir o obxectivo de cubrir todas as prazas ofertadas (25) quedandose en 20.

En canto aos indicadores de resultados as taxas presentan uns bos resultados cumprindo en todos os casos os obxectivos de calidade. A Taxa de Graduación situase no 96% cun obxectivo de >75%. A taxa de eficiencia é do 97% cun obxectivo de >90%, a Taxa de Rendemento é do 86% cun obxectivo do >90%, a Taxa de éxito é do 100% cun obxectivo do >90% e a Taxa de Avaliación é do 86%. A taxa de abandono non dispoñemos de datos. Non observamos polo tanto desviacións importantes con respecto á memoria da titulación nin aos obxectivos de calidade marcados. A duración media dos estudos situase en 1,39 anos.

Con respecto aos datos de inserción laboral non dispoñemos de datos posteriores a 2013. O mesmo acontece cos datos de tempo medio para atopar emprego, co cal non podemos realizar unha análise fiable dos datos de inserción laboral.

| Puntos febles detectados: | Accións de mellora a implantar: |
|---|---|
| • Incumprimento do obxectivo de matrículas de estudantes de novo ingreso. | • Analizar as causas e propoñer acción de mellora para a captación máis eficiente de novos estudantes. |

**Evidencias nas que se baseou a valoración:**

E9: Plans de mellora derivados da implantación do SGC

**Indicadores:**

I1: Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico

I12: Evolución dos indicadores de resultados

- Taxa de graduación
- Taxa de abandono
- Taxa de eficiencia
- Taxa de rendimento
- Taxa de éxito
- Taxa de avaliación (distinguir entre alumnado a tempo completo e a tempo parcial)

I13: Relación de oferta/demanda das prazas de novo ingreso

I14/I016-D0: Resultados de inserción laboral/Tempo medio para atopar emprego

I010-DO: Duración media dos estudos

Seguimento da titulación: Mestrado en Libro Ilustrado e Animación Audiovisual

## CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO

| |
|---|
| Estándar: o programa formativo está actualizado e tense implantado de acordo ás condicións establecidas na memoria verificada.<br>Analizar e valorar si o desenvolvemento do plan de estudos realizouse conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte do alumnado |
| Reflexión/comentarios que Xustifiquen a valoración:<br><br>O Mestrado en Libro Ilustrado e Animación Audiovisual (MLIAA) cubriu todas as prazas mínimas ofertadas (20) pero non conseguiu cubrir as 35 prazas ofertadas. Sofre un aumento de matrícula con respecto ao último curso (16). Como consecuencia, a Taxa de ocupación é do 57,14%. Estos datos supoñen a necesidade de analizar as causas do descenso do número de matrículas e unha maior promoción do mestrado.<br><br>Un aspecto a valorar de xeito positivo é a procedencia xeográfica do alumando no Mestrado. É o único mestrado oficial en Ilustración e Animación Audiovisual no Noroeste de España, e a captación de alumnado de comunidades autónomas fora de Galicia é alta. A maioría do alumnado posúe unha xeolocalización familiar en Galicia, maioritariamente na provincia de Pontevedra (17). O alumnado de fora de Galicia é moi variado, e o alumnado provén das provincias de Alicante, Asturias, Badajoz, Cáceres e Salamanca. A nivel internacional o mestrado ten alumnos de México, Portugal e USA.<br><br>Os resultados das enquisas de satisfacción no item «Organización e desenvolvemento» ofrece indicadores normais (3,33 Alumnado). Sen embargo entre o alumnado un dos epígrafes dentro do item que acadan menor puntuación son a «Coordinación entre as materias do plan de estudos (2,65)». En este sentido é preciso traballar nunha mellora na coordinación a través das figuras do coordinador de mestrado e coordinadores de materia.<br><br>Memoria vixente do título e Guías docentes.<br>É importante sinalar que a memoria vixente do título foi unha das primeiras memoria elaboradas e aprobadas dunha titulación de Mestrado Universitario na Universidade de Vigo. Como consecuencia, as normativas de elaboración no que respecta á memoria, competencias, resultados de aprendizaxe, metodoloxías docentes etc... foron lixeiramente diferentes e foise facendo un esforzo de adaptación das mesmas ás novas normativas que foron xurdindo baixo as indicacións da Área de Calidade da Universidade. Tales cambios, que nunca supuxeron cambios sustanciais na memoria do título, foron incorporadas ás Guías docentes para unha maior claridade e compatibilidade co resto de titulacións. Estes cambios quedaron reflexados nos correspondentes autoinformes de avaliación, informes de revisión do sistema pola dirección, informes de coordinación e discutidos e analizados na xunta de calidade. Por parte da Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado no curso 17/18 solicitouse a todas as titulacións a modificación de certos aspectos relativos a «Metodoloxías» e «Probas de avaliación» que |

supoñían novidades con respecto ao curso pasado. Na reunión da Comisión Académica de Calidade (18/12/2017) aprobouse unha Guía de metodoloxías e sistemas de avaliación que amplía a anteriormente vixente. Estes cambios xa se atopaban actualizados na aplicación DocNet, pero foi necesaria a atención aos seguintes aspectos:

Metodoloxías:
1. Saídas de estudo/prácticas de campo:
Esta metodoloxía divídese agora en dúas:
- saídas de estudo.
- prácticas de campo.
2. Metodoloxías integradas.
Esta metodoloxía abranguía outras que aparecen separadas agora:
- Aprendizaxe baseada en proxectos.
- Metodoloxías baseadas en investigación.
- Aprendizaxe colaborativa.
- Aprendizaxe baseada en problemas.
As materias que tivesen seleccionada as "metodoloxías integradas" verán que aparece no seu lugar "Aprendizaxe baseada en problemas". Se non se vai utilizar, deberase eliminar e escoller as mencionadas antes (proxectos, investigación, colaborativa).
Probas:
1. Traballos e proxectos aparece agora dividida en dúas probas:
- Traballo
- Proxecto
No lugar de traballos e proxectos aparecerá "traballo". Se non se precisa esa metodoloxía, debe borrarse e escoller "proxecto".
2. Informes/memorias de prácticas externas ou prácticum: Agora aparece dividida en tres probas, tal como figura na táboa.

O profesorado realizou os cambios correspondentes sen incidencias salientables, pero foi precisa unha revisión máis detallada atendendo a estes aspectos por parte dos coordinadores de curso e coordinación de grao de xeito que as guías non contiveran aspectos non recollidos na memoria vixente do título ou fosen coherentes coa mesma.

| **Puntos débiles detectados:** | **Accións de mellora a implantar:** |
|---|---|
| • Baixa puntuación nas enquisas no item «Coordinación das meterias do plan de estudos».<br>• Polarización do alumnado no entorno xeográfico da cidade de Pontevedra. | • Traballo de coordinación e análise dos resultados na Comisión de Calidade.<br>• Analizar na Comisión do SGIC as causas desa polarización e estudar novas accións/reforzar as accións de promoción e informativas dos estudos ofertados no centro máis alá do entorno xeográfico cercano. |

**Evidencias nas que basea a valoración:**

E1: Memoria vixente do título

E2: Informes de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación do título, incluíndo os plans de mellora

E3: Perfil de ingreso do alumnado(grao)

E4: Guías docentes (actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación, por materia e curso académico)

E5: Actas das reunións da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade

| |
|---|
| E6: Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos indicando o número de créditos recoñecidos (por prácticas, títulos propios, experiencia profesional, etc.).<br>QSP relacionadas coa organización e desenvolvemento da ensinanza |
| **Indicadores nos que se basea a valoración:**<br><br>I1/I04-AC: Matrícula de novo ingreso por prescrición<br>I2: No caso de mestrado, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia<br>I3/I09-DO: Indicadores de mobilidade (número de estudantes que participan en programas de mobilidade, relación entre estudantes que participan en programas de mobilidade e estudantes matriculados,...)<br>I09(2)-DO: Estudantes estranxeiros<br>I4/I05-DO/ I06-DO/ I07-DO/ I08-DO: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a organización e desenvolvemento da ensinanza.<br>I01-AC: Nota media de acceso<br>I01(2)-AC: Nota mínima de acceso<br>I02-AC: Ocupación<br>I03-AC: Preferencia<br>I03(2)-AC: Adecuación |

## CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA

| |
|---|
| O centro dispón de mecanismos para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garantan a súa calidade. |
| Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:<br><br>*O Criterio 2: Información e Transparencia trátase dun xeito global pola súa transversalidade co resto de titulacións do centro<br><br>Segundo o «Plan operativo de información pública» do centro, todas as canles de información funcionaron correctamente e cumpriron cos seus obxectivos. A información sobre todas as titulacións é pública e atópase dispoñible en todas as canles de comunicación definida polo plan en tempo e forma para todos os axentes implicados. Baseándose nas evidencias non atopamos, en ningunha das titulacións do centro, queixas no sistema QSP nin no informe do PAT sobre información e transparencia. Nas enquisas de satisfacción o ítem «Información e transparencia» obteñen puntuacións altas en todas as titulacións e en todos os colectivos de interese. Indícanse a continuación un resumo das mesas por titulación e grupos de interese:<br><br>Grao en Belas Artes: |

<table>
<tr><td colspan="2">Alumnado 2,58<br>Persoas tituladas: 3,21<br><br>Mestrado en ACCI:<br>Alumnado: 3,3<br>Persoas tituladas: 2,63<br><br>Mestrado LIAA:<br>Alumando: 3,21<br>Persoas tituladas: --<br><br>Mestrado en DDCM:<br>Alumnado: 4<br>Persoas tituladas: --<br><br>Ningunha das titulacións acada unha puntuación menor que 2,5 puntos sobre 5, destacando a percepción moi positiva do alumnado no Mestrado en DDCM con 4 puntos.<br><br>A pesares de que a web do centro ofrece información detallada e completa cumprindo os obxectivos do «Plan Operativo de Información Pública», é precisa unha actualización do seu deseño así como na parte técnica das ferramentas de xestión de contidos co obxectivo de incluír contidos multimedia dun xeito máis doado. A actual páxina dispón dunha tecnoloxía de programación que, aínda que segue a ser funcional, consta de case 10 anos e presenta algunhas carencias de imposibilidades de actualización de certos contidos.<br><br>No caso do Mestrado en Deseño e Dirección Creativa en Moda posue unha web propia con un deseño diferente e máis actual á do centro (ainda que seguindo as directrices básicas da identidade visual da Universidade de Vigo). Esta web parece ter unha boa acollida e ofrece máis posibilidades de promoción da titulación entre o futuro alumnado. Proponse como plan de mellora para o vindeiro curso un redeseño da web do centro integrando todas as titulacións.<br><br>Por outra banda, detectamos nos últimos anos un cambio na tendencia no uso de redes sociais entre o alumnado de todas as titulacións. Dende fai uns anos a rede social Instagram pasou a ser a máis usada polo alumnado máis novo en detrimento da rede Facebook. Por iso para unha mellor comunicación e promoción das actividades proponse como acción de mellora a creación dun perfil do centro Facultade de Belas Artes na rede Instagram que veña a complementar a información do resto das redes e poida chegar tamén ao alumnado futuro.</td></tr>
<tr><td>Puntos febles detectados:<br>- A pesares de que a web do centro ofrece información detallada e completa, é precisa unha actualización do seu deseño así como na parte técnica das ferramentas de xestión de contidos co obxectivo de incluír contidos multimedia dun xeito máis doado. A actual páxina dispón dunha tecnoloxía de programación que, aínda que segue a ser funcional, consta de case 10 anos e presenta algunhas carencias de imposibilidades de actualización de certos contidos.</td><td>Accións de mellora a implantar:<br>- Posta en marcha dun novo deseño para a web do centro que integre a información de todas as titulacións e que inclúa unha plataforma de xestión de contidos máis sinxela e actualizada a tecnoloxías actuais.<br>- Creación dun perfil en Instagram do centro para unha comunicación máis efectiva especialmente co alumnado máis novo. Definición das súas funcións e revisión do «Plan Operativo de Información Pública».</td></tr>
</table>

| | |
|---|---|
| - O alumnado máis novo mudou de hábitos na redes social, sendo agora maioritaria o uso da rede Instagram fronte a Facebook. | |

**Evidencias nas que se baseou a valoración:**

E6: Páxina web do título/centro/universidade (información referida ao anexo II)

R1- DO0301P1: Plan operativo de información pública

QSP relacionadas coa transparencia e/ou información pública

**Indicadores nos que se baseou a valoración:**

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a satisfacción coa web e/ou a información pública.

## CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE

| |
|---|
| A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de xeito eficaz, a mellora continua da titulación. |
| Reflexión/comentarios que xustifiquen la valoración:<br><br>*As valoracións feitas sobre o SGIC, dada a súa transversalidade, inclúen a todas as titulacións de Grao e Mestrado do centro.<br><br>Durante o curso 2017/2018 non se produciron cambios organizativos na Comisión do SGIC, manténdose coa mesma composición do curso pasado.<br>Producíronse os seguintes cambios nos procedementos do sistema de calidade:<br>PE-01 P1 Xestión do PAS (Índice 04),<br>PE-02 P1 Xestión do Persoal Docente e Investigador,<br>Anexo 1: PE 02 P1 Ficha de Formación,<br>DO-0201 Planificación e desenvolvemento da ensinanza,<br>Anexo DO 0201 Guía para o Informe de Coordinación.<br><br>Ditos procedementos foron aprobado en Xunta do SGIC e Xunta de Facultade o 29/11/2017 e foron implantados sen ningunha incidencia.<br><br>Durante o curso 17/18 a Comisión do SGIC levou a discusión e análise todos aqueles asuntos e informes anuais do sistema de calidade de todas as titulacións do centro (Informe de coordinación, informe de revisión do sistema pola dirección, Informes de PAT, Informes de autavaliación, Obxectivos e política de calidade…). Ademáis analizou todos aqueles asuntos transversais a todo SGIC. Nas actas da Comisión do SGIC quedan reflexados estos aspectos como o reparto da Bolsa de horas de descontó do decanato para aquelas actividades de xestión e coordinación, análise da asignación de titorizacións de alumnos TFG e a súa problemática, límite de prazas de recoñecemento de estudos, aprobación das guías docentes… Algunos de estos temas non se debatirán nunca na comisión, limitándose a ser aprobados na Xunta de centro.<br><br>Elaborouse, discutiuse e aprobouse un novo Plan de Acción Titorial para a nova titulación «Mestrado en Deseño e Dirección Creativa en Moda» asignandose ademáis un responsable de PAT. En relación a esta nova titulación para o vindeiro curso traballarase na revisión e análisis dos seus obxectivos de calidade que están reflexados na memoria verificada. Elaboraranse ademais todos aqueles procedementos que sexa necesario implantar na mesma e analizaranse aqueles aspectos que sexa necesario modificar para adaptarse á evolución e realidade da nova titulación.<br><br>Durante o curso 17/18 tamén foron elaborados, discutidos e validados pola Comisión do SGIC procedementos e normativas de todas as titulacións que aínda non existían. Foron os seguintes:<br>Plan operativo de información pública.<br>Plan de promoción do centro.<br>Criterios de selección de recursos materiais e proveedores.<br>Procedemento para o seguimento da docencia.<br><br>Ditas normativas e procedementos permitiron avanzar en diferentes aspectos do SGIC, especialmente a aqueles relativos á Organización de desenvolvemento, Información e transparencia e Recursos materiais e servizos. Supuxeron unha ferramenta de traballo e permitiron clarificar aspectos do seguimento da docencia, de |

promoción do centro e información a todos os sectores implicados. A súa posta en marcha permitiu ademáis detectar novas necesidades e carencias, como a revisión do deseño da paxina web do centro ou as costume de uso dar redes sociais por parte do alumnado á que máis adiante nos referiremos.

Nas enquisas de satisfacción, as puntuacións xerais acadadas coa satisfacción da calidade non presentan valores desviados da puntuación media nin dos obxectivos de calidade en ningunha das titulacións nin ningun do grupos de interese.
Os informes finais do PAT amosan información valiosa que non quedou reflexada nin nos sistema de QSP nin nas enquisas de satisfacción. Tal e como xa analizamos, detectamos certa descoordinación entre algunhas materias do Grao en Belas Artes e no Mestrado en Arte Contemporánea, Creación e Investigación canalizadas a través das reunións cos titores alumnos e coordinadores de curso e titulación. Estas disfuncións foron incorporadas nos informes de coordinación, PAT e Revisión do sistema pola dirección xunto e os Plans de mellora.

Durante o curso 17/18 aprobouse oficialmente a «Declaración de interese» para a elaboración da memoria e posterior implantación da nova titulación de «Grao en Deseño e Creación» cunha previsión de implantación na facultade a partir do curso 2019/2020. Todo o proceso realizado ata ese momento implicou unha serie de reunións e procedementos internos do SGIC que detallamos:

Tal e como indica o procedemento do Sistema de Garantía Interno de Calidade da Facultade de Belas Artes «DO-0101 P1 Deseño, verificación, modificación e acreditación das titulacións oficiais», antes de emprender o proceso de deseño da titulación, confirmouse cos órganos de goberno da Universidade de Vigo a súa viabilidade e adecuación estratéxica no marco do Sistema Universitario Galego. Isto implicou reunións coas persoas responsables acordándose finalmente a pertinencia de iniciar formalmente o procedemento de deseño do plan de estudos que conducen á obtención dun título de grao. Estas conversas deron como resultado a aprobación en xunta de centro no curso 16/17 dunha pre-declaración de interese da implantación do título, a cal foi remitida ao Vicerreitorado de Organización Académica e Profesorado da Universidade de Vigo.
Antes de iniciar o proceso formal, durante os meses anteriores á declaración de interese definitiva, realizáronse unha serie de reunións informativas e de recollida de propostas e ideas con todos os sectores implicados no centro (PDI, PAS e alumnado). Na primeira desas reunións celebrada 7 de febreiro de 2018, reuniuse ao sector do PDI implicado en labores de xestión, equipo decanal, coordinadores das titulacións do centro, dirección de departamentos con sede no centro, e ex-decanos en activo que participaron nas reunións das diferentes conferencias de decanos e elaboración do Libro Blanco das titulacións das Facultade de Belas Artes.
No mes de febreiro, realizáronse tres reunións co resto de persoal do centro; reunións co PDI (20/02/2018), PAS (16/02/2018) e alumnado (20/02/2018). En estas reunións o equipo decanal realizou un percorrido por todo o traballo realizado nas conferencias de decanos dende a presentación dos Libros Brancos e o panorama actual das titulacións de Grao en Deseño nas facultades de Belas Artes en España. Realizouse un primero plantexamento das características principais do novo grao, as condicións de implantación e os obxectivos, recollendo todas as suxerencias e problemáticas plantexadas por todos os sectores.
O debate entre o sector PDI centrouse na pertinencia e necesidade da implantación dun novo grao en Deseño no centro como unha ocasión de completar a oferta de titulacións de grao, mestrado e doutoramento nun sector estratéxico de futuro. Especialmente relevante resultou a reunión co sector PAS, xa que permitiu obter a perspectiva real da situación nos talleres, laboratorios, aulas e medios materiales por parte dos mestros de taller responsables e persoal de conserxería, así como por parte do persoal de administración ao respecto do traballo administrativo e de xestión que implicaría a nova titulación, recollendo todas as necesidades e previsións para a nova titulación. No relativo ao alumnado, as reunións permitiron constatar o interese por parte deste sector na nova titulación. As demandas do alumnado mostraron as súas preferencias por unha formación en Deseño aberta aos novos soportes dixitais, a gráfica audiovisual e multimedia e a la inclusión de disciplinas transversais como a Ilustración e a Fotografías integradas.

<table>
<tr><td colspan="2">Nas reunións da Comisión do Sistema de Garantía Interno de Calidade e na Xunta de Facultade do día 27/02/2018 aprobase a Declaración de Interese do «Grao en Deseño e Creación pola Universidade de Vigo» segundo modelo oficial, seguindo o «Calendario o o procedemento de tramitación de verificación e modificación de títulos de grao para a súa implantación no curso 2019/2020». Na mesma Xunta de Facultade establecese un debate no que se considera pertinente que dado o impacto da implantación dun novo Grao sobre o Grao en Belas Artes, se crease unha comisión de estudo sobre posibles modificacións no Grao en Belas Artes para unha mellor coordinación co novo Grao en Deseño. Deste xeito nomeanse e aprobanse a Xunta de Titulación e a Comisión de estudio de posibles cambios no Grao en Belas Artes.<br>A Declaración de interese foi remitida á Vicerrectoría de Organización Académica e Profesorado (VOAP) a cal realiza a correspondente difusión pública dentro da comunidade universitaria. A COAP e o Consello de Goberno da Universidade de Vigo posteriormente valoran e aproban a adecuación da proposta aos requisitos xerais e estratexia institucional.<br>Deste xeito, tanto dita comisión como a xunta de titulación comezan a traballar en paralelo e a realizar reunións para a elaboración da memoria do Grao en Deseño e Creación, co seguinte calendario:<br>22/03/2018 Primeira reunión da Xunta de Titulación e constitución da mesma.<br>12/04/2018 Segunda reunión da Xunta de Titulación. Aprobación da normativa de funcionamento interno. A reunión prolongouse aos días 17 e 24 de marzo, e 3 de maio.<br>En canto as reunións da Comisión de posibles cambios no plan de estudos do Grao en Belas Artes, reuniuse:<br>22/03/2018. Primeira reunión.<br>03/05/2018 Segunda reunión.<br>Na última das súas reunións ata a data, a Xunta de titulación -e posteriormente a Xunta de Facultade-, aproba o aprazamento da presentación da Memoria de Verificación do título Grao en Deseño e Creación para o curso 2020-2021, xa que a comisión considera que é preciso un estudio máis pormenorizado das condicións de implantación e con máis tempo para a elaboración dunha memoria en condicións óptimas.<br><br>Como conclusión, podemos afirmar polo tanto en base aos datos e evidencias analizadas que o centro dispón dun sistema interno de garantía da calidade implementado que garantiza a mellora continua da titulación.</td></tr>
<tr><td>Puntos febles detectados:<br>- Completar os obxectivos de calidade de todas as titulacións do centro.</td><td>Accións de mellora a implantar:<br>- Analizar e aprobar os obxectivos de calidade da nova titulación Mestrado en Deseño e Dirección Creativa en Moda</td></tr>
<tr><td colspan="2">Evidencias nas que se baseou a valoración:<br>E5: Actas das reunión celebradas, da Comisión Académica /Comisión de Titulación/<u>Comisión de Garantía de Calidade</u><br>E10: Documentación do SGC (Política, obxectivos de calidade, manual e procedementos)<br>E11: Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolven as directrices do SGC: Política de calidade, deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza, avaliación centrados no estudante, garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información pública)</td></tr>
</table>

| |
|---|
| E12: Plans de mellora derivados da implantación do SGC<br>EA4: Informe de certificación da implantación do SGC (no seu caso) |
| **Indicadores nos que se baseou a valoración:**<br>I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre a xestión da calidade<br>**I5: Resultados dos indicadores asociados aos obxectivos de calidade do centro** |

## CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS

| O persoal académico e de apoio é suficiente e axeitado de acordo coas características do título e o número de **estudantes.** |
|---|
| Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:<br><br>Analizando a cualificación e características do PDI no MLIAA existe un equilibrio entre o profesorado a tempo completo con dedicación total do centro (6) e o profesorado externo en modalidade artista invitado (7). Dado que se trata dun mestrado que naceu como profesionalizante é necesaria a participación de profesorado externo profesional da animación e a ilustración para cumprir coas espectativas do alumnado. Entre os profesores universitarios existe un equilibrio entre as categorías de profesorado (1 CU, 2 TU, 2 CD e 1 Asoc.). Todos eles posúen o título de doutor. A súa visión profesional dende fora da universidade permite ao alumnado poder coñecer a realidade do mundo profesional da arte de primeira man. Os profesores invitados externos posuen na súa totalidade unha traxectoria profesional recoñecida.<br><br>Un aspecto negativo a valorar é o biaxo número de sexenios de investigación que posue o profesorado do mestrado, acadando so 1.<br><br>A porcentaxe de profesorado que participa no programa quinquenal de Docentia, tal e como analizabamos no informe do curso pasado é do 0%. Ainda que non existen datos da nova convocatoria, dende a facultade fixose un esforzo por explicar a importancia e a pertinencia da participación en dito programa. Agardamos que a porcentaxe de profesorado avaliado sexa maior en vindeiros cursos.<br><br>As puntuacións acadadas dentro das enquisas de satisfacción no item «Recursos humanos» son elevadas (Alumando 3,24).<br><br>Observando os resultados das Enquisas de avaliación da docencia e a súa evolución, no «Grao de satisfacción do estudantado coa actividade docente do profesorado» sofre un aumento positivo (4,31) con respecto ao curso pasado e superando ampliamente os obxectivos de calidade marcados. Polo que respecta ao «Grao de satisfacción do estudantado coa planificación e desenvolvemento do ensino» acada un 3,33 e cumpre o obxectivo de calidade. Non existen polo tanto datos negativos que nos indiquen problemas en relación á evolución da docencia e os recursos humanos dispoñibles. Cabe destacar que é preciso seguir insistindo na promoción da participación das enquisas pola parte do alumnado que, aínda que se mantén en porcentaxes similares ao curso pasado resultaría positivo aumentar ese porcentaxe de participación.<br><br>Dentro das QSPs recibidas durante o curso, o alumnado non fai referencia a problemas derivados do mestrado. Tampouco no informe final do PAT do curso o alumnado non fai referencia a problemáticas específicas relacionadas cos recursos humanos relacionados coa docencia. Ningunha desas problemáticas fai referencia á cualificación e labor directa do profesorado.<br><br>Con respecto ao persoal de apoio, durante o curso 17/18 comenzou a funcionar unha nova organización despois da nova RPT. Esta nova organización supuxo un período de adaptación previo. Detectase un desaxuste na estructura na secretaría da área académica que fai que na mesta estean saturados de traballo. A pesar de esta circunstancia cumprese satisfacctoriamente a atención ao alumnado. Tamén destaca especialmente as melloras nas labores de apoio a calidade.<br><br>No que respecta ao mestrado, as tarefas feitas tanto en Apoio a centros e departamentos en cuestións de xestión económica e en secretaría con cuestións administrativas supuxeron un correcto funcionamento da titulación e un apoio moi importante á CAM da titulación. |

A porcentaxe de PAS en formación superou notablemente as puntuacións dos dous anos anteriores chegando ao 70,28%, un resultados óptimos.

Non dispoñemos de resultados de enquisas de satisfacción do PAS ao tratarse dunha enquisa bianual.

En base a todos os datos analizados podemos dicir que os recursos humanos relacionados coa titulación son axeitados para a titulación.

| **Puntos febles detectados:** | **Accións de mellora a implantar:** |
|---|---|
| • Ningunha participación no programa DOCENTIA | • Fomento da participación no programa DOCENTIA no profesorado. |

Evidencias nas que se baseou valoración:
E15: Plan de ordenación docente do título: Información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.). No caso de profesionais externos, solicitarase un currículo breve.
E16: Información sobre o persoal de apoio (número, experiencia profesional, categoría, etc.)
R2-PE02 P1: Informe para os responsables académicos ( DOCENTIA)

Indicadores nos que se baseou a valoración:
I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre aspectos relacionados co persoal docente e o PAS e fundamentalmente resultados da enquisa de satisfacción do PAS e PDI
I6/I017(2)-PE: Porcentaxe de participación do profesorado da titulación en plans de formación da Universidade e en actividades formativas específicas
I7/I017-PE: Porcentaxe de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas.
I8: Resultados das enquisas de avaliación da docencia e a súa evolución
I9: Porcentaxe de profesorado avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos
I10: Evolución dos indicadores de mobilidade (número, porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título)
I15: Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,…)
I02-PE: Cualificación do PDI
I03-PE: Resultados de investigación de carácter académico(Sexenio)
I03(2)-PE: Profesorado por categoría

## CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS

Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os axeitados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados/as e competencias a adquirir polos/as mesmos/as.

Reflexión/comentarios que xustifican a valoración:

*O Criterio 5: Recursos materiais e servizos trátase dun xeito global pola súa transversalidade co resto de titulacións do centro. Todos os recursos do centro son compartidos por todas as titulacións do mesmo.

Unha das fortalezas que posúe o centro Facultade de Belas Artes, e polo tanto todas as titulacións que aquí se imparten, é una axeitada dotación de recursos materiais e servizos. Se analizamos os resultados das enquisas de satisfacción dos diferentes grupos de interese observamos como unha das puntuacións máis elevadas é a relativa aos epígrafes que fan referencia aos laboratorios, as aulas de informática, os obradoiros e espazos experimentais e o seu equipamento así como os espazos para o traballo autónomo do alumando, os recursos bibliográficos e o equipamento da biblioteca. Destacan especialmente as valoracións dos «Recursos materiais e servizos» que fai o alumnado do Grao en Belas Artes e do Mestrado en Deseño e Dirección Creativa en Moda. É importante sinalar que estas dúas titulacións son as que maior demanda teñen de infraestructuras e talleres específicos pola propia natureza práctica dos seus estudos, fronte as outras titulacións máis teóricas (como o mestrado en Arte Contemporánea, Creación e Investigación) ou que demandan menos recursos por ser disciplinas moi específicas (como o Mestrado en Libro Ilustrado e Animación Audiovisual).

Un aspecto a destacar das enquisas de satisfacción é a maior valoración en estes epígrafes que fan as Persoas tituladas con respecto ao alumnado. Esta información é moi valiosa xa que implica un coñecemento máis global dos recursos dispoñibles por parte de persoas que xa remataron os seus estudos no centro e podan estar cursando outras titulacións noutros centros ou vivindo as súas primeiras experiencias laborais. En termos xerais, e tal e como reflexan esas enquisas, ou incluso en reunións informais con titulados, recoñecese como un dos puntos máis fortes do centro o equipamento de laboratorios, talleres e aulas, opinión que tamén é compartida polo alumnado propio e alleo de intercambio internacional.

Outro dos aspectos mellor valorados en todas as titulacións e por todos os grupos de interese son os espazos destinados ao traballo autónomo (salas de estudos, aulas de informática, biblioteca...) e o seu equipamento. No Grao en Belas Artes entre o alumnado acadan unha puntuación nas enquisas de satisfacción dun 3,37 e no Mestrado en Deseño e Dirección Creativa en Moda cun 4,58. No resto de titulacións mantéñense tamén en puntuacións elevadas sen observar carencias en este sentido.

Durante o curso 17/18 realizáronse melloras na xestión de recursos materiais. Por unha parte incorporouse á plantilla de PAS un Mestre de Taller en Audiovisuais, encargado da xestión, coordinación de material audiovisual, mantemento e apoio técnico a aquelas asignaturas da área de audiovisuais. Por outra parte púxose en marcha unha plataforma online de xestión de préstamo de material audivisual (cámaras, trípodes, focos, steadicams...) de xeito que o alumnado pode realizar esa xestión de xeito virtual. Ambas medidas sen dúbida suporán unha mellora cualitativa na disposición dos recursos e na formación recibida polo alumnado en esta área.

Se analizamos os informes do PAT do curso 17/18, no relativo a recursos materiais e servizos, o alumnado e o profesorado volve a indicar de xeito recurrente unha problemática en relación aos horarios dos talleres, especialmente os talleres de madeira, pedra, metal e plásticos. Ditos talleres pechan ás 5 da tarde, cumprindo

| |
|---|
| co horario laboral do PAS responsables, mentres que moitas asignaturas teñen un horario de clases que se prolonga máis tarde desa hora. Dende o decanato do centro fixose dende fai anos un esforzo por tentar adecuar o horario das clases da tarde cos horarios de talleres. En anteriores cursos académicos, e tal e como está reflexado nos distintos informes de seguimento e PAT, así como nos plans de mellora, realizáronse reunións de coordinación entre o profesorado, o PAS e coa Administración do Campus para tentar de resolver este problema, sen embargo existe unha incompatibilidade de horario cos profesionais responsables que impide ter aberto os talleres máis horas. En este sentido, os mestres de taller indicaron que os talleres estaban usándose en ocasións como espazos de docencia e ese non é o seu cometido. Nas reunións co profesorado fíxose fincapé en esta circunstancia e a través dos coordinadores de titulación e curso incidiuse na necesidade de adecuar os horarios no traballo presencial e traballo autónomo a dispoñibilidade dos talleres. |

| **Puntos febles detectados:** | **Accións de mellora a implantar:** |
|---|---|
| • Carencias puntuais de certos materiais e equipamento nas aulas, así como certo material deteriorado polo uso no tempo (cabaletes de pintura, mesas e cadeiras...) que aínda que non supón unha merma na formación do alumnado é necesario revisar e reparar anualmente.<br>• Carencia de ferramentas sinxelas nas aulas para a realización de tarefas simples, especialmente nas aulas nas que se traballa en procesos escultóricos. | • Revisión xeral de todos os equipamentos básicos de aulas, especialmente nas aulas de traballo e nas aulas teóricas (mesas, cadeiras, cabaletes, mesas de traballo pesado...).<br>• Compra de material e ferramentas sinxelas para o traballo de aula fora dos talleres que permita ao alumnado a realización de traballos sinxelos básicos. |

**Evidencias nas que se baseou a valoración:**

E18: Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título

E19: Información sobre os servizos de orientación académica e programas de acollida-PAT

E20: Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares e Extracurriculares.

E21: Fondos bibliográficos e outros recursos documentais relacionados coa temática do título

E22: Materiais didácticos e/ou tecnolóxicos que permiten unha aprendizaxe a distancia

E23: Convenios en vigor coas entidades onde se realizan as prácticas externas

**Indicadores nos que se baseou a valoración:**

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a tódolos grupos de interese sobre os recursos materiais e servizos

I08-D0: Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas

I11: Nº de alumnado por centro de prácticas.

I15: Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)

# CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE

Os resultados de aprendizaxe acadados polos/as titulados/as son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES da titulación.
Analizar os resultados da aprendizaxe acadados polos/as estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES del título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Nas materias do MLIAA non observamos grandes desviacións nas cualificacións obtidas polo alumnado en ninguna das asignaturas. A Taxa de éxito da titulación é do 100% e polo tanto todas as materias teñen a mesma puntuación. A Taxa de rendemento da titulación é do 92%.

A asignatura de Fundamentos do proxecto didáctico-pedagóxico é a que menor taxa de rendemento presenta con un 77%, ainda que non supón unha desviación significativa. A taxa de rendemento do TFM é do 79%. Ante estos datos podemos afirmar que non existen problemas en relación ás taxas de éxito, rendemento e avaliación da titulación.

Polo que respecta ás Enquisas de satisfacción do estudantado alcanza unha puntuación global de 3,17 superando os obxectivos de calidade de >2,5. Un aspecto a mellorar sería a necesidade de incrementar a participación do alumnado en ditas enquisas (51%). A satisfacción do estudantado coa actividade docente do profesorado alcanza unha puntuación dun 4,31 e coa planificación e desenvolvemento dun 3,33. Todas estas puntuacións supoñen superar os obxectivos de calidade e supoñen melloras con respecto a cursos anteriores, polo tanto podemos afirmar que se cumpren todos os obxectivos de calidade.

| Puntos febles detectados: | Accións de mellora a implantar: |
|---|---|
| - Baixa participación do alumnado e persoas tituladas nas enquisas de satisfacción coa titulación e do alumnado nas Enquisas de satisfacción co profesorado. | - Análise das causas e fomento da participación nas enquisas. |

**Evidencias nas que se se baseou la valoración:**

E4: Guías docentes das materias

E24: Listaxe de traballos  fin de grao/ fin de mestrado (título,titor e calificación)

E25/: Informes de cualificación por materia

EA11: Informes de prácticas

**Indicadores nos que se baseou a valoración:**

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese-Análisis xeral de resultados de todas as enquisas de satisfacción

I12: Indicadores de resultados (taxa de éxito global do título e taxa de éxito por materia)

# CRITERIO 7. RESULTADOS DE SATISFACIÓN E RENDEMENTO

Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos ao dispor do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.
Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se
Os resultados adecúanse ás previsións e características do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:
Tal e como afirmabamos, a titulación presenta problemas para cumprir o obxectivo de cubrir todas as prazas ofertadas (35) quedandose en 20.

En canto aos indicadores de resultados as taxas presentan uns bos resultados cumprindo en todos os casos os obxectivos de calidade. A Taxa de Graduación situase no 85% cun obxectivo de >75%. A taxa de eficiencia é do 97% cun obxectivo de >75%, a Taxa de Rendemento é do 92% cun obxectivo do >90%, a Taxa de éxito é do 100% cun obxectivo do >90% e a Taxa de Avaliación é do 92%. A taxa de abandono non dispoñemos de datos. Non observamos polo tanto desviacións importantes con respecto á memoria da titulación nin aos obxectivos de calidade marcados. A duración media dos estudos situase en 2,18 anos.

Con respecto aos datos de inserción laboral non dispoñemos de datos posteriores a 2013. O mesmo acontece cos datos de tempo medio para atopar emprego, co cal non podemos realizar unha análise fiable dos datos de inserción laboral.

| **Puntos febles detectados:** | **Accións de mellora a implantar:** |
|---|---|
| • Incumprimento do obxectivo de matrículas de estudantes de novo ingreso. | • Analizar as causas e propoñer acción de mellora para a captación máis eficiente de novos estudantes. |

**Evidencias nas que se baseou a valoración:**

E9: Plans de mellora derivados da implantación do SGC

**Indicadores:**

I1: Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico

I12: Evolución dos indicadores de resultados

- Taxa de graduación
- Taxa de abandono
- Taxa de eficiencia
- Taxa de rendimento
- Taxa de éxito
- Taxa de avaliación (distinguir entre alumnado a tempo completo e a tempo parcial)

I13: Relación de oferta/demanda das prazas de novo ingreso

I14/I016-D0: Resultados de inserción laboral/Tempo medio para atopar emprego

I010-DO: Duración media dos estudos

Seguimento da titulación: Mestrado Deseño e Dirección Creativa en Moda

## CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO

O programa formativo está actualizado e tense implantado de acordo ás condicións establecidas na memoria verificada.
Analizar e valorar si o desenvolvemento do plan de estudos realizouse conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte do alumnado

Reflexión/comentarios que Xustifiquen a valoración:

O Mestrado en Deseño e Dirección Creativa en Moda (MDDCM) no seu primeiro ano de implantación acadou unha matrícula de 24 alumnos sobre unha oferta de prazas de 26. Como consecuencia, a Taxa de ocupación é do 92,31%. Aínda que non temos referencias sobre a matrícula doutros cursos académicos ao tratarse do primeiro ano de implantación, debese seguir traballando na promoción e coñecemento da titulación a todos os niveis para acadar o obxectivo da Taxa de ocupación do >100%. A Facultade de Belas Artes, tal e como queda recollido no «Plan de Promoción do centro», ven realizando unha política de promoción e publicidade dos seus estudos, publicando folletos informativos, material audiovisual, contidos en redes sociais e web así como charlas informativas en institutos sobre os estudos ofertados. Dado que, tal e como comentabamos anteriormente, a titulación non cubre todas as súas prazas ofertadas, a captación de novos alumnado que supoña un aumento da matrícula resulta preferente.

Un aspecto positivo a valorar é o perfil de accedo do alumnado que ofrece unha variedade de titulacións previas todas elas relacionadas co plan de estudios da titulación. Boa parte das titulacións de procedencia están relacionadas co ámbito creativo (Grao en Belas Artes, Grao en Arquitectura, Grao en Deseño, Grao en Publicidade e RRPP e Historia da Arte) e outras están relacionadas co ámbito da educación, xestión empresarial e a dirección estratéxica (Grao en Administración e Dirección de Empresas, Grao en Xornalismo e Grao en Educación). Todas elas conforman unha variedade de perfís complementarios que se adaptan aos contidos da titulación, que non so cubren os aspectos máis creativos e proxectuais senón que abarcan tamén cuestións estratéxicas empresariais no mundo da moda e en xeral do mundo profesional do deseño. Dende a CAM e a coordinación da titulación fixose un esforzo de integración do estudantado, implicándoos o máximo posible nas actividades complementarias desenvolvidas.

Outro aspecto a valorar é a procedencia xeográfica do alumando no Mestrado. O mestrado en DDCM é a única titulación de mestrado no ámbito creativo da moda no noroeste de España. Aínda que a maioría do alumnado procede de Galicia, capta alumnado de todas as provincias dun xeito homoxéneo e tamén de fora de Galicia. A presencia internacional (Perú) é dun so alumno. Dentro do territorio galego destacan as provincias de Pontevedra e A Coruña as que máis alumnado aporta á titulación.

Os resultados das enquisas de satisfacción ofrecen unha óptima puntuación xeral dun 4,02 sobre 5. No item «Organización e desenvolvemento» ofrece indicadores elevados dun 3,88 por parte do alumnado (non se dispoñen de datos aínda de persoas tituladas por tratarse do primeiro ano de implantación). Non observamos puntuacións baixas nin desviacións da media en ningún dos ítem, destacando especialmente a boa puntuación dos apartados «Laboratorios, aulas de informática, obradoiros e espazos experimentais e o seu equipamento» (4,67), «Espazos destinados ao traballo autónomo (salas de estudos, aulas de informática, biblioteca...» (4,58) e «Aulas e o seu equipamento» (4,50).

No informe do Plan de Acción Titorial do curso 17/18 o alumnado aportou a súa visión do desenvolvemento e a organización da docencia do curso indicando a necesidade de acrecentar contidos de carácter máis práctico relacionados cos dispositivos de reprodución gráfica e tamén poder abarcar o estudio doutros materiais na asignatura Laboratorio de materiais. Tamén comentan o interese en contidos teóricos sobre deseño de moda actual e valorase a posibilidade de aportar máis contidos relacioados co deseño de moda contemporáneo na asignatura Historia da Arte. Dende un punto de vista global valoranse a aprendizaxe desenvolvida e a relación co profesorado de xeito moi positivo, sinalando que as críticas recibidas polo profesorado foron de carácter constructivo. O alumnado coincide tamén en valorar de xeito moi positivo a posta en marcha neste curso dun laboratorio aberto complementarijo de pratronaxe e confección que se desenvolve en paralelo ao horario do mestrado e é de acceso libre. Tamén coinciden en suliñar o interesante que lles parecen as actividades complementarias nas que participaron como o desfile de fin de estudos DEBUT no que tiveron a oportunidade de participar nun taller específico sobre materiais e a visita a exposicións que se promoveron dende a titulación.

Unha gran maioría de estudantes manifestaron o seu interese en crear unha convocatoria en novembro para aqueles casos nos que queiran desenvolver o proxecto con máis calma despóis de realizar as prácticas e incluso ter a oportunidade de ampliar as mesmas a través dunhas prácticas extracurriculares.

Dende a coordinación do título identificase a necesidade de ter unha ratio maior de horas por crédito xa que neste primero ano sólo se disponen de 5h/crédito, a mínima proporción e moi axustados en varia asignaturas. Fíxose un esforzo por traballar a coordinación das materias e fixeronse reunión cos coordinadores das materias para traballar en esta dirección. A estructura de profesorado colaborador procedentes do ámbito profesional foi moi ben valorada polos estudantes e ainda que require dun esforzo maior de coordinación presenta múltiples beneficios.

Tal e como se indica no informe do PAT, os estudantes ratificaron a súa boa sintonía co desenvolvemento do curso e coinciden en destacar o intenso aprendizaxe que se ten realizado. Por parte da coordinación do título sinálase que ten sido un ano positivo, e en termos xerais desenvolveuse nun ambiente moi positivo.

Dentro das QSPs recibidas non existe ningunha queixas durante o curso 17/18 referida a incoherencias na organización e desenvolvemento da docencia dentro da titulación.

Memoria vixente do título e Guías docentes:
Por parte da Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado no curso 17/18 solicitouse a todas as titulacións a modificación de certos aspectos relativos a «Metodoloxías» e «Probas de avaliación» que supoñían novidades con respecto ao curso pasado, e no caso da titulación con respecto á memoria. Na reunión da Comisión Académica de Calidade (18/12/2017) aprobouse unha Guía de metodoloxías e sistemas de avaliación que amplía a anteriormente vixente. Estes cambios xa se atopaban actualizados na aplicación DocNet, pero foi necesaria a atención aos seguintes aspectos:

Metodoloxías:
1. Saídas de estudo/prácticas de campo:
Esta metodoloxía divídese agora en dúas:

- saídas de estudo.
- prácticas de campo.
2. Metodoloxías integradas.
Esta metodoloxía abranguía outras que aparecen separadas agora:
- Aprendizaxe baseada en proxectos.
- Metodoloxías baseadas en investigación.
- Aprendizaxe colaborativa.
- Aprendizaxe baseada en problemas.
As materias que tivesen seleccionada as “metodoloxías integradas” verán que aparece no seu lugar “Aprendizaxe baseada en problemas”. Se non se vai utilizar, deberase eliminar e escoller as mencionadas antes (proxectos, investigación, colaborativa).
Probas:
1. Traballos e proxectos aparece agora dividida en dúas probas:
- Traballo
- Proxecto
No lugar de traballos e proxectos aparecerá “traballo”. Se non se precisa esa metodoloxía, debe borrarse e escoller “proxecto”.
2. Informes/memorias de prácticas externas ou prácticum: Agora aparece dividida en tres probas, tal como figura na táboa.

O profesorado realizou os cambios correspondentes sen incidencias salientables, pero foi precisa unha revisión máis detallada atendendo a estes aspectos por parte dos coordinadores de curso e coordinación de grao de xeito que as guías non contiveran aspectos non recollidos na memoria vixente do título ou fosen coherentes coa mesma. Dado que a titulación atópase en proceso de implantación, non dispoñemos de todos os datos e indicadores para facer unha análise completa sobre os aspectos de organización de desenvolvemento da docencia. A día de hoxe non dispoñemos dos datos de Taxa preferencia nin adecuación, nin da nota media nin mínima de acceso. Tampouco podemos dispoñer de datos sobre a mobilidade do alumnado. Agardamos aos vindeiros cursos académicos para poder realizar unha análise máis detallada.

| **Puntos débiles detectados:** | **Accións de mellora a implantar:** |
|---|---|
| • Taxa de ocupación menor de 100% obxectivo de calidade.<br>• Ratio de horas / crétido | • Traballo de promoción da titulación entre o futuro alumnado.<br>• Revisión da ratio de horas/crédito na CAM e na Comisión do SGIC. |

**Evidencias nas que basea a valoración:**

E1: Memoria vixente do título

E2: Informes de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación do título, incluíndo os plans de mellora

E3: Perfil de ingreso do alumnado(grao)

E4: Guías docentes (actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación, por materia e curso académico)

E5: Actas das reunións da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade

E6: Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos indicando o número de créditos recoñecidos (por prácticas, títulos propios, experiencia profesional, etc.).

QSP relacionadas coa organización e desenvolvemento da ensinanza

**Indicadores nos que se basea a valoración:**

I1/I04-AC: Matrícula de novo ingreso por prescrición

I2: No caso de mestrado, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia

I3/I09-DO: Indicadores de mobilidade (número de estudantes que participan en programas de mobilidade, relación entre estudantes que participan en programas de mobilidade e estudantes matriculados,...)

I09(2)-DO: Estudantes estranxeiros

I4/I05-DO/ I06-DO/ I07-DO/ I08-DO: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a organización e desenvolvemento da ensinanza.

I01-AC: Nota media de acceso

I01(2)-AC: Nota mínima de acceso

I02-AC: Ocupación

I03-AC: Preferencia

I03(2)-AC: Adecuación

## CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA

O centro dispón de mecanismos para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garantan a súa calidade.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

*O Criterio 2: Información e Transparencia trátase dun xeito global pola súa transversalidade co resto de titulacións do centro

Segundo o «Plan operativo de información pública» do centro, todas as canles de información funcionaron correctamente e cumpriron cos seus obxectivos. A información sobre todas as titulacións é pública e atópase dispoñible en todas as canles de comunicación definida polo plan en tempo e forma para todos os axentes implicados. Baseándose nas evidencias non atopamos, en ningunha das titulacións do centro, queixas no sistema QSP nin no informe do PAT sobre información e transparencia. Nas enquisas de satisfacción o ítem «Información e transparencia» obteñen puntuacións altas en todas as titulacións e en todos os colectivos de interese. Indícanse a continuación un resumo das mesas por titulación e grupos de interese:

**Grao en Belas Artes:**
Alumnado 2,58
Persoas tituladas: 3,21

**Mestrado en ACCI:**
Alumnado: 3,3
Persoas tituladas: 2,63

**Mestrado LIAA:**
Alumando: 3,21
Persoas tituladas:  --

**Mestrado en DDCM:**
Alumnado: 4
Persoas tituladas: --

Ningunha das titulacións acada unha puntuación menor que 2,5 puntos sobre 5, destacando a percepción moi positiva do alumnado no Mestrado en DDCM con 4 puntos.

A pesares de que a web do centro ofrece información detallada e completa cumprindo os obxectivos do «Plan Operativo de Información Pública», é precisa unha actualización do seu deseño así como na parte técnica das ferramentas de xestión de contidos co obxectivo de incluír contidos multimedia dun xeito máis doado. A actual páxina dispón dunha tecnoloxía de programación que, aínda que segue a ser funcional, consta de case 10 anos e presenta algunhas carencias de imposibilidades de actualización de certos contidos.

No caso do Mestrado en Deseño e Dirección Creativa en Moda posue unha web propia con un deseño diferente e máis actual á do centro (ainda que seguindo as directrices básicas da identidade visual da Universidade de Vigo). Esta web parece ter unha boa acollida e ofrece máis posibilidades de promoción da titulación entre o futuro alumnado. Proponse como plan de mellora para o vindeiro curso un redeseño da web do centro integrando todas as titulacións.

Por outra banda, detectamos nos últimos anos un cambio na tendencia no uso de redes sociais entre o alumnado de todas as titulacións. Dende fai uns anos a rede social Instagram pasou a ser a máis usada polo alumnado máis novo en detrimento da rede Facebook. Por iso para unha mellor comunicación e promoción das actividades proponse como acción de mellora a creación dun perfil do centro Facultade de Belas Artes na rede Instagram que veña a complementar a información do resto das redes e poida chegar tamén ao alumnado futuro.

| **Puntos febles detectados:** | **Accións de mellora a implantar:** |
| --- | --- |
| - A pesares de que a web do centro ofrece información detallada e completa, é precisa unha actualización do seu deseño así como na parte técnica das ferramentas de xestión de contidos co obxectivo de incluír contidos multimedia dun xeito máis doado. A actual páxina dispón dunha tecnoloxía de programación que, aínda que segue a ser funcional, consta de case 10 anos e presenta algunhas carencias de imposibilidades de actualización de certos contidos.<br>- O alumnado máis novo mudou de hábitos na redes social, sendo agora maioritaria o uso da rede Instagram fronte a Facebook. | - Posta en marcha dun novo deseño para a web do centro que integre a información de todas as titulacións e que inclúa unha plataforma de xestión de contidos máis sinxela e actualizada a tecnoloxías actuais.<br>- Creación dun perfil en Instagram do centro para unha comunicación máis efectiva especialmente co alumnado máis novo. Definición das súas funcións e revisión do «Plan Operativo de Información Pública». |

**Evidencias nas que se baseou a valoración:**

| |
|---|
| E6: Páxina web do título/centro/universidade (información referida ao anexo II)<br>R1- DO0301P1: Plan operativo de información pública<br>QSP relacionadas coa transparencia e/ou información pública |
| **Indicadores nos que se baseou a valoración:**<br>I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a satisfacción coa web e/ou a información pública. |

## CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE

| |
|---|
| A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de xeito eficaz, a mellora continua da titulación. |

**Reflexión/comentarios que xustifiquen la valoración:**

*As valoracións feitas sobre o SGIC, dada a súa transversalidade, inclúen a todas as titulacións de Grao e Mestrado do centro.

Durante o curso 2017/2018 non se produciron cambios organizativos na Comisión do SGIC, manténdose coa mesma composición do curso pasado.
Producíronse os seguintes cambios nos procedementos do sistema de calidade:
- PE-01 P1 Xestión do PAS (Índice 04),
- PE-02 P1 Xestión do Persoal Docente e Investigador,
- Anexo 1: PE 02 P1 Ficha de Formación,
- DO-0201 Planificación e desenvolvemento da ensinanza,
- Anexo DO 0201 Guía para o Informe de Coordinación.

Ditos procedementos foron aprobado en Xunta do SGIC e Xunta de Facultade o 29/11/2017 e foron implantados sen ningunha incidencia.

Durante o curso 17/18 a Comisión do SGIC levou a discusión e análise todos aqueles asuntos e informes anuais do sistema de calidade de todas as titulacións do centro (Informe de coordinación, informe de revisión do sistema pola dirección, Informes de PAT, Informes de autavaliación, Obxectivos e política de calidade…). Ademáis analizou todos aqueles asuntos transversais a todo SGIC. Nas actas da Comisión do SGIC quedan reflexados estos aspectos como o reparto da Bolsa de horas de descontó do decanato para aquelas actividades de xestión e coordinación, análise da asignación de titorizacións de alumnos TFG e a súa problemática, límite de prazas de recoñecemento de estudos, aprobación das guías docentes… Algunos de estos temas non se debatirán nunca na comisión, limitándose a ser aprobados na Xunta de centro.

Elaborouse, discutiuse e aprobouse un novo Plan de Acción Titorial para a nova titulación «Mestrado en Deseño e Dirección Creativa en Moda» asignandose ademáis un responsable de PAT. En relación a esta nova titulación para o vindeiro curso traballarase na revisión e análisis dos seus obxectivos de calidade que están reflexados na memoria verificada. Elaboraranse ademais todos aqueles procedementos que sexa necesario implantar na mesma e analizaranse aqueles aspectos que sexa necesario modificar para adaptarse á evolución e realidade da nova titulación.

Durante o curso 17/18 tamén foron elaborados, discutidos e validados pola Comisión do SGIC procedementos e normativas de todas as titulacións que aínda non existían. Foron os seguintes:
- Plan operativo de información pública.
- Plan de promoción do centro.
- Criterios de selección de recursos materiais e proveedores.
- Procedemento para o seguimento da docencia.

Ditas normativas e procedementos permitiron avanzar en diferentes aspectos do SGIC, especialmente a aqueles relativos á Organización de desenvolvemento, Información e transparencia e Recursos materiais e

servizos. Supuxeron unha ferramenta de traballo e permitiron clarificar aspectos do seguimento da docencia, de promoción do centro e información a todos os sectores implicados. A súa posta en marcha permitiu ademáis detectar novas necesidades e carencias, como a revisión do deseño da paxina web do centro ou as costume de uso dar redes sociais por parte do alumnado á que máis adiante nos referiremos.

Nas enquisas de satisfacción, as puntuacións xerais acadadas coa satisfacción da calidade non presentan valores desviados da puntuación media nin dos obxectivos de calidade en ningunha das titulacións nin ningun do grupos de interese.
Os informes finais do PAT amosan información valiosa que non quedou reflexada nin nos sistema de QSP nin nas enquisas de satisfacción. Tal e como xa analizamos, detectamos certa descoordinación entre algunhas materias do Grao en Belas Artes e no Mestrado en Arte Contemporánea, Creación e Investigación canalizadas a través das reunións cos titores alumnos e coordinadores de curso e titulación. Estas disfuncións foron incorporadas nos informes de coordinación, PAT e Revisión do sistema pola dirección xunto e os Plans de mellora.

Durante o curso 17/18 aprobouse oficialmente a «Declaración de interese» para a elaboración da memoria e posterior implantación da nova titulación de «Grao en Deseño e Creación» cunha previsión de implantación na facultade a partir do curso 2019/2020. Todo o proceso realizado ata ese momento implicou unha serie de reunións e procedementos internos do SGIC que detallamos:

Tal e como indica o procedemento do Sistema de Garantía Interno de Calidade da Facultade de Belas Artes «DO-0101 P1 Deseño, verificación, modificación e acreditación das titulacións oficiais», antes de emprender o proceso de deseño da titulación, confirmouse cos órganos de goberno da Universidade de Vigo a súa viabilidade e adecuación estratéxica no marco do Sistema Universitario Galego. Isto implicou reunións coas persoas responsables acordándose finalmente a pertinencia de iniciar formalmente o procedemento de deseño do plan de estudos que conducen á obtención dun título de grao. Estas conversas deron como resultado a aprobación en xunta de centro no curso 16/17 dunha pre-declaración de interese da implantación do título, a cal foi remitida ao Vicerreitorado de Organización Académica e Profesorado da Universidade de Vigo.
Antes de iniciar o proceso formal, durante os meses anteriores á declaración de interese definitiva, realizáronse unha serie de reunións informativas e de recollida de propostas e ideas con todos os sectores implicados no centro (PDI, PAS e alumnado). Na primeira desas reunións celebrada 7 de febreiro de 2018, reuniuse ao sector do PDI implicado en labores de xestión, equipo decanal, coordinadores das titulacións do centro, dirección de departamentos con sede no centro, e ex-decanos en activo que participaron nas reunións das diferentes conferencias de decanos e elaboración do Libro Blanco das titulacións das Facultade de Belas Artes.
No mes de febreiro, realizáronse tres reunións co resto de persoal do centro; reunións co PDI (20/02/2018), PAS (16/02/2018) e alumnado (20/02/2018). En estas reunións o equipo decanal realizou un percorrido por todo o traballo realizado nas conferencias de decanos dende a presentación dos Libros Brancos e o panorama actual das titulacións de Grao en Deseño nas facultades de Belas Artes en España. Realizouse un primero plantexamento das características principais do novo grao, as condicións de implantación e os obxectivos, recollendo todas as suxerencias e problemáticas plantexadas por todos os sectores.
O debate entre o sector PDI centrouse na pertinencia e necesidade da implantación dun novo grao en Deseño no centro como unha ocasión de completar a oferta de titulacións de grao, mestrado e doutoramento nun sector estratéxico de futuro. Especialmente relevante resultou a reunión co sector PAS, xa que permitiu obter a perspectiva real da situación nos talleres, laboratorios, aulas e medios materiales por parte dos mestros de taller responsables e persoal de conserxería, así como por parte do persoal de administración ao respecto do traballo administrativo e de xestión que implicaría a nova titulación, recollendo todas as necesidades e previsións para a nova titulación. No relativo ao alumnado, as reunións permitiron constatar o interese por parte deste sector na nova titulación. As demandas do alumnado mostraron as súas preferencias por unha

formación en Deseño aberta aos novos soportes dixitais, a gráfica audiovisual e multimedia e a la inclusión de disciplinas transversais como a Ilustración e a Fotografías integradas.
Nas reunións da Comisión do Sistema de Garantía Interno de Calidade e na Xunta de Facultade do día 27/02/2018 aprobase a Declaración de Interese do «Grao en Deseño e Creación pola Universidade de Vigo» segundo modelo oficial, seguindo o «Calendario o o procedemento de tramitación de verificación e modificación de títulos de grao para a súa implantación no curso 2019/2020». Na mesma Xunta de Facultade establecese un debate no que se considera pertinente que dado o impacto da implantación dun novo Grao sobre o Grao en Belas Artes, se crease unha comisión de estudo sobre posibles modificacións no Grao en Belas Artes para unha mellor coordinación co novo Grao en Deseño. Deste xeito nomeanse e aprobanse a Xunta de Titulación e a Comisión de estudio de posibles cambios no Grao en Belas Artes.
A Declaración de interese foi remitida á Vicerrectoría de Organización Académica e Profesorado (VOAP) a cal realiza a correspondente difusión pública dentro da comunidade universitaria. A COAP e o Consello de Goberno da Universidade de Vigo posteriormente valoran e aproban a adecuación da proposta aos requisitos xerais e estratexia institucional.
Deste xeito, tanto dita comisión como a xunta de titulación comezan a traballar en paralelo e a realizar reunións para a elaboración da memoria do Grao en Deseño e Creación, co seguinte calendario:
22/03/2018 Primeira reunión da Xunta de Titulación e constitución da mesma.
12/04/2018 Segunda reunión da Xunta de Titulación. Aprobación da normativa de funcionamento interno. A reunión prolongouse aos días 17 e 24 de marzo, e 3 de maio.
En canto as reunións da Comisión de posibles cambios no plan de estudos do Grao en Belas Artes, reuniuse:
22/03/2018. Primeira reunión.
03/05/2018 Segunda reunión.
Na última das súas reunións ata a data, a Xunta de titulación -e posteriormente a Xunta de Facultade-, aproba o aprazamento da presentación da Memoria de Verificación do título Grao en Deseño e Creación para o curso 2020-2021, xa que a comisión considera que é preciso un estudio máis pormenorizado das condicións de implantación e con máis tempo para a elaboración dunha memoria en condicións óptimas.

Como conclusión, podemos afirmar polo tanto en base aos datos e evidencias analizadas que o centro dispón dun sistema interno de garantía da calidade implementado que garantiza a mellora continua da titulación.

| **Puntos febles detectados:** | **Accións de mellora a implantar:** |
|---|---|
| - Completar os obxectivos de calidade de todas as titulacións do centro. | - Analizar e aprobar os obxectivos de calidade da nova titulación Mestrado en Deseño e Dirección Creativa en Moda |

**Evidencias nas que se baseou a valoración:**

E5: Actas das reunión celebradas, da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade

E10: Documentación do SGC (Política, **obxectivos de calidade**, manual e procedementos)

E11: Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolven as directrices do SGC: Política de calidade, deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza, avaliación

| |
|---|
| centrados no estudante, garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información pública)<br>E12: Plans de mellora derivados da implantación do SGC<br>EA4: Informe de certificación da implantación do SGC (no seu caso) |
| **Indicadores nos que se baseou a valoración:**<br>I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre a xestión da calidade<br>**I5: Resultados dos indicadores asociados aos obxectivos de calidade do centro** |

## CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS

| O persoal académico e de apoio é suficiente e axeitado de acordo coas características do título e o número de **estudantes.** |
|---|
